

**O CADÁVER**

**DO SEÑOR**

**GARCÍA**

de Jardiel Poncela

versión de Mariña Río sobre a adaptación de  
Araceli Villanueva Salgueiro

SPASMO 2016/2017

Dirixe Mariña Río Mallo

*Spasmo*

## **DRAMATIS PERSONAE**

SEÑOR GARCÍA -----Pablo Cerviño Asorey

HORTENSIA ----- Xulia Beiras Miranda

ABELARDO -----Brais Blanco Agra

RAMONA ----- Jara Lourido Vázquez

HIPO ----- Laura Vázquez Barros

DAMIANA ----- Yaiza Lage Freitas

DELFINA ----- Aldara Cogolludo Prieto

PIERRE ----- Juan González Alonso

DONA CARME ----- Alejandra González Bargiela

OLGA ----- Elisa Fedoryaka Rogova

XUÍZA ----- Salomé García Amboage

FORENSE ----- Lucía Rodríguez

INSPECTORA ----- Noa Santamaría Moreira

OFICIALA ----- Carmen Carbó Otero

## **ESCENA PRIMEIRA**

*Un salón amoblado con bo gusto. Ao foro, unha porta que se abre en corredoiro. Á dereita outra porta máis pequena. Á esquerda, unha terceira. Entre esta e a do foro, un diván. Outro sofá, unha mesa pequena con cadeira, teléfono e guía telefónica...*

*Antes de levantarse o pano, hai unha longa pausa. De contado soa unha detonación; outra breve pausa e óense dúas detonacións máis, case a un tempo. Entón levántase o pano pausadamente. A escena está a escuras. Óense dentro rumores de varias persoas que se achegan e voces de: "Que ocorre!?", "Foi na casa!", "Tiros!", "Meu Deus!", etc., todo moi confuso, mesturado. Estes rumores seguen medrando e aproxímanse e as voces repiten: "No salón!", "Foi no salón!", "Luz!" "No salón!"*

*A porta do foro descórrese ao fin e permite ver o foro iluminado e a un grupo de persoas agolpado no limiar... Alguén acende a luz da escena e entón vese ao SEÑOR GARCÍA tumbado no diván, de cara á parede e de costas ao público, co abrigo posto e coma se estivese durmido, desmaiado ou morto. No chan hai un sombreiro e un paraugas. Na porta, formando unha masa aterrorizada e estupefacta están HORTENSIA, unha muller guapísima duns trinta anos; RAMONA, a doncela e cociñeira; ABELARDO, un guapo mozo da idade da súa prometida Hortensia; e HIPO, unha rapaza duns vintetantos anos, amiga de Hortensia e Abelardo.*

*Hai unha nova pausa durante a cal os cinco miran cara ao diván petrificados.*

**RAMONA:** Xesús!

**ABELARDO:** Pero isto que é!?

**HIPO:** Ceo santo!

**RAMONA:** Ai madre mía, un morto! Ai, ai, que eu non vira un morto na miña vida!

**HORTENSIA:** *(Abrazándose frenética a ABELARDO)* Un morto! Abelardo!! Un morto!

**RAMONA:** Ai, Santa Virxe María! Ai, ai!!!

**ABELARDO:** *(A RAMONA)* Cala, estúpida! Non ves que asustas á señora?

**HORTENSIA:** Abelardo!! Abelardo!! Marchemos da casa! Marchemos de Galicia! Marchemos de España! Marchemos de Europa!

**ABELARDO:** Hortensia, por favor...

**HIPO:** Hortensiña...

**ABELARDO:** Ramona... cóllaa. *(Traspásalle a Hortensia)*

**HORTENSIA:** Que me den algo! Que me den algo! Que se non me dan algo, vaime dar algo!

**ABELARDO:** Ramona... cóllea ben e coida que non lle de nada... Que non lle de nada, por Deus!

**RAMONA:** Señorito, doulle algo?

**HIPO:** Que non lle de nada! *(RAMONA leva a HORTENSIA a un sillón).*

**RAMONA:** Ai, Virxe Santa! Que eu nunca vira morto a un morto!

**HIPO:** Pero, quen é este home? Por onde entrou?

**RAMONA:** *(Sinalando a porta da dereita)* Por aí, polo balcón. Non ve vostede que está aberto?

**HORTENSIA:** Ai, ai!

**RAMONA:** Deixámolo aberto para que saíse o fume da cociña... Ai!!!  
(*Castaneándolle os dentes, coma se desvariase*) O balcón... O morto... O fume...  
Os tiros...

**HORTENSIA:** Abelardo! Abelardo! Non te achegues a el!!

**RAMONA:** Os tiros... O morto... O fume... O balcón...

**HORTENSIA:** Non te achegues, Abelardo!

**RAMONA:** Nós... O balcón... O morto... Os tiros...

**ABELARDO:** Pero é preciso saber se está ou non está... (*vai avanzando cara ao diván*)

**HORTENSIA:** Non te achegues, Abelardo!

**HIPO:** Estate quieto, Abelardo!

**RAMONA:** (*Volvendo en si*) Señorito Abelardo, pola Virxe!

**ABELARDO:** Recoiro! Pero algo hai que facer...

**HORTENSIA:** A policía... O xulgado...

**HIPO:** Avisemos ó xuíz!

**ABELARDO:** Iso, si!

**HIPO:** E como se lles chama aos xuíces?

**ABELARDO:** Polo apelido. Eu creo que polo apelido.

**HORTENSIA:** Que dis, Abelardo?

**ABELARDO:** Non sei.

**HIPO:** Aquí ningún di o que sabe.

**ABELARDO:** *(Rectificándoa)* Dise: "sábese o que se di"

**HORTENSIA:** Que di?

**RAMONA:** Non sabe.

**HIPO:** Veña! Calma! Teñamos un pouco de calma, polo que máis queirades... E se ese home é un ferido grave? Non se lle pode deixar morrer agardando polo xuíz!

**ABELARDO:** Claro!

**HORTENSIA:** Entón?

**ABELARDO:** Hai que recoñecelo. Recoñéceo ti, Hipo. Non es médica?

**HIPO:** Arre demo! Pois é verdade!... Xa non me lembraba de que eu son médica... *(Vai cara ó diván)* Porque... eu son médica, non é?

**ABELARDO:** Si, si; es médica!

**HIPO:** Son médica, recoñézoo. *(Inclinándose sobre o SEÑOR GARCÍA)*... Pois non o recoñezo.

**RAMONA:** Que!?

**HIPO:** Que é a primeira vez que o vexo.

**HORTENSIA:** *(Levantándose)* Pero, víchelo?

**ABELARDO:** Víchelo?

**RAMONA:** Como é?

*(Agólpanse todos ó redor de HIPO)*

**HIPO:** É... É... *(Volve ao diván e mira de novo)* É...

**HORTENSIA:** Como!?

**RAMONA:** Como?

**HIPO:** É moreno.

**HORTENSIA:** Moreno?

**RAMONA:** Meu Deus! É moreno!

**HIPO:** E cuns bigotes como o guiador dunha bicicleta.

**ABELARDO:** Pero, está morto ou está ferido?

**HORTENSIA:** Como está!?

**HIPO:** Está feísimo!

**ABELARDO:** Boh! Vou ver eu!

**HIPO:** Non! Non! Que non se achegue ninguén! E se se tratase dun crime? Non hai que tocalo, non hai que movelo, non hai que pisar preto del, porque se borrarían as pegadas e as impresións dactilares...

**HORTENSIA:** Virxe Santísima, se fose un crime!

**RAMONA:** Un crime... As pegadas... O morto... As pegadas... UN CRIME...

**ABELARDO:** Cala, Ramona!

**HIPO:** Eu soa! Achegareime eu soa! (*Avanza nas puntas dos pés cara ó diván*)  
Asi... con moito coidadiño... porque pode haber pegadas ou impresións  
dactilares...

**HORTENSIA:** Hai pegadas?

**RAMONA:** Miña nai, se hai pegadas!

**HIPO:** (*Examinando ao SEÑOR GARCÍA en medio da atención xeral e dun gran  
silencio*) Hum...

**TODOS:** Que?! Que!?

**HIPO:** Hum... Non me gusta nada...

**RAMONA:** Iso é que lle viu os bigotes.

**HIPO:** Chist!! Silencio!! A ver o corazón... (*Auscultando ao SEÑOR GARCÍA*) Nada...  
absolutamente nada... Nin un latexo.

**ABELARDO:** Morto?

**HIPO:** (*Con emoción*) Morto.

**HORTENSIA:** Oh!!!!!

**RAMONA:** Morto!

**ABELARDO:** Morto!

**HORTENSIA:** (*Case chorando*) Morto!

**RAMONA:** (*Rezando ás présas*) Pai dos ceos, que estás nos nosos, nomeado  
sexa o teu santo, reinamos o tu veña, e non nos deixes tenta...

**ABELARDO:** Reza en voz baixa! (*A HIPO*) Estás segura de que está morto?



**HIPO:** *(Arrogante)* Abelardo, son médica!

**ABELARDO:** Pois por iso che digo se estás segura, porque como os médicos ilusionádesvos con calquera cousiña...

**HIPO:** Morto e ben morto! Non nos queda máis que avisar ao Xulgado... por teléfono!

**ABELARDO:** Por teléfono, é certo! Como non se nos ocorrera antes? *(Séntase ante o teléfono, seguido de HIPO).*

**HORTENSIA:** *(Que volveu ao sillón)* Ramona, non podo máis...!

**RAMONA:** Veña, señorita. Hai que ter coraxe!

**HORTENSIA:** Esta escena... Esta escena terrible despois da comida... E ese home...

**RAMONA:** Espantoso! Eu sinto unha cousa aquí, no estómago..., como se resucitase de novo a lagosta.

**HORTENSIA:** Cala, cala! Non fales de resurreccións!

**ABELARDO:** Cal será o número do Xulgado?

**HIPO:** No xe... mira no xe.

**ABELARDO:** *(Pasando follas)* Si... por aquí.

**HIPO:** Pero onde estás buscando o xe?

**ABELARDO:** Eu que sei! Axúdame ti, eu só non podo... Estou nerviosísimo.

**HIPO:** *(Pasando follas)* Te, u, uve, uve dobre, xe, xe, xe *(Seguindo as columnas co dedo)*. Xa, xa, xa...

**ABELARDO:** Xa, xa, xa, xa...

**HORTENSIA:** Por Deus, calen vostedes!

**HIPO:** Xa, xa, xa...

**ABELARDO:** Xe, xe, Xi...

**HIPO:** Ximénez...

**HORTENSIA:** (A RAMONA) Pero quen pode ser, Ramona? Por que viría a matarse aquí?

**RAMONA:** Vostede non o coñece, señorita?

**HORTENSIA:** Así de costas, paréceme que non... Pero eu non lle miro a cara!

**RAMONA:** Non, claro que non! Calquera lle mira a cara! Con eses bigotes que din que ten!

**ABELARDO:** Ximénez, Ximénez... Onde rematan os Ximénez?

**HIPO:** Ximénez...

## **ESCENA SEGUNDA**

*(Dentro soa un timbre. Todos suspenden o que fan e míranse un pouco sobrecollidos)*

**RAMONA:** Machan! Digo, chaman!

**HORTENSIA:** Chaman...

*(De novo soa o timbre)*

**HIPO:** Outra vez!

**HORTENSIA:** Chamaron dúas veces, Abelardo!

**ABELARDO:** Ben, e que que chamaran?

**RAMONA:** Quen vai ser a estas horas?

**ABELARDO:** Vaia abrir e verémolo.

**RAMONA:** Ai, eu non, señorito! O corredor... A luz... O corazón... O meu noivo... Morro.

**ABELARDO:** Pero que di esa?

**HIPO:** Di que a luz; o seu noivo; o corazón e o corredor.

**ABELARDO:** Que é o que dis?

**RAMONA:** Que o corredor está sen luz... E con iso do morto teño medo... E estou mala do corazón... E o meu noivo di que se me asusto, morro...

**ABELARDO:** Vaia! Acompañaa ti, Hipo. *(Mirando a guía telefónica)* Ximénez, Xoiería, Xoán...

**HIPO:** Eu non podo separarme de aquí nin un intre ata que veñan do Xulgado. Son médica.

*(Dentro soa o timbre de novo)*

**ABELARDO:** Merda! Irei eu... Pois si que estamos bos! Toma, segue buscando. *(Entrégalle a guía a HIPO e marcha pola dereita, seguido ao trote por RAMONA)*

**HORTENSIA:** Miña nai, que valente é!

**HIPO:** *(Sempre consultando a guía)* Xulio, Xulgado! Aquí. Xulgado de garda. Praza das Armas... seiscentos trinta e nove trinta e catro vinte e cinco... Que non se me esqueza. *(Repetindo o número moi rápido, mentres se senta e descolga o auricular).* Seiscentos trinta e nove trinta e catro vinte e cinco... Seiscentos trinta e nove trinta e cinco vinte e catro... seiscentos trinta e nove... *(Marcando)* Seis, tres, nove, tres, cinco... Iso é... Si? Si? Que? É aí o Xulgado de Garda?

**HORTENSIA:** Contestan?

**HIPO:** Diga... Como? Non, señor. *(Colga)* Pois... que número marquei eu? Era trinta e cinco?... Non... Vou ver! *(Follea a guía de novo).*

*(Dentro soan unhas voces espantosas que din: "Pero é posible? Pero que me contan vostedes?"*)

**HORTENSIA:** Deus me asista! A porteira... E co que berra esa muller ao falar!

**DAMIANA:** *(Case dentro)* Pero se parece unha película o que me contan!

**HIPO:** Que é iso? Que pasa aí fora?

**HORTENSIA:** É a porteira, que virá a ver o ocorrido.

**HIPO:** Pero, e que lle pasa? Por que berra tanto?

**HORTENSIA:** Porque é unha bruta.

**ABELARDO:** *(Entrando pola esquerda)* Pasa, Damiana, pero trata de baixar a voz todo o que poidas.

**DAMIANA:** *(Entrando, seguida de RAMONA, a grito pelado)* Boas noites!!!!

**HIPO:** *(Está co teléfono)* Chitssssss! Que non me entenden! Escoite... escoite...  
Pregunto se é o Xulgado de Garda.

**HORTENSIA:** Baixe a voz, Damiana, por favor...

**DAMIANA:** *(Igual que antes)* Si, señora, si!!!! Pero mire, que me di o señorito que veu matarse aquí un individuo!!!!??

**HORTENSIA:** Si, iso é; que se matou aquí un señor que entrou polo balcón; pero máis baixo, por caridade.

**DAMIANA:** *(Vendo ao SEÑOR GARCÍA)* Anda!!! Se está aí, no "cheslón"!! *(Fai o sinal da cruz respectuosamente)*

**HORTENSIA:** Si, por iso lle pedíamos que falase baixo, porque fai mal efecto, sabe?

**DAMIANA:** *(Coma sempre)* Claro, claro!!!! Oín os tiros dende abaixo, e por certo, pilláronme dándolle corda ao despertador, que xa me ía deitar!!!

**HORTENSIA:** Deus Santo, é imposible!

**RAMONA:** Que gorxa!

**HIPO:** Naceu para verduleira!

**DAMIANA:** E como é o xusto, subín a fume de carozo, porque eu estou sempre alí onde o deber me chama!!!

**HIPO:** Moi bonito! E aínda sería máis bonito se o dixese vostede en voz baixa pero non hai xeito....

*(HIPO pásalle o teléfono a ABELARDO, para que o siga intentado el)*

**DAMIANA:** A señora do lado quería vir tamén, pero dinlle catro gritos!!!!

**HORTENSIA:** A señora de aí ao lado? Pero non ceaba hoxe fóra da casa?

**DAMIANA:** Non, señora!!! Ceou na casa e quería entrar a molestalos a vostedes co gallo de saber o que pasara!!!

**ABELARDO:** Muller, Damiana.

**HORTENSIA:** Se eu soubera que Delfina estaba na súa casa!... Ramona!

**RAMONA:** Señorita...

**HORTENSIA:** Vai un momento e dille á señorita Delfina que teña a bondade de vir, que a necesito. Hipo! Farías o favor de acompañar a Ramona ata que lle abran aí o lado? Esta a escaleira a escuras e lle da medo.

**HIPO:** Eu, como médica, non debería moverme de aquí; pero, en fin... Acompáñoa e volvo de contado.

*(Vanse pola esquerda)*

**DAMIANA:** *(Que se foi achegando ao SEÑOR GARCÍA e está mirándoo)* Pobre home!!!! Pois ata hoxe non tiña eu visto a un suicida!!!

**HORTENSIA:** *(Aparte)* Non lle vou contestar, a ver se cala...

**ABELARDO:** *(No teléfono)* Si? Escóitanme? Si?

**DAMIANA:** *(contemplando ao SEÑOR GARCÍA, filosófica)* Hai que ver, eh?! Eh, señorita Hortensia!?!? Eh?!?!? Hai que ver!!!!!!!

**HORTENSIA:** *(Dando a entender que, en efecto, é terrible o que sucede)* Uf!

**DAMIANA:** O que é a vida!!!! Eh!!!!??? Eu lévolle quince anos de porteira e xa non me estraña nada, pero hai que ver o que é a vida, eh!??

**HORTENSIA:** *(Coma antes)* Uf!

**DAMIANA:** *(Inclinándose sobre o SEÑOR GARCÍA)* E parece simpático!!

*(Xusto nese momento regresa HIPO)*

**HIPO:** Non o toques!!!!!!!

**HORTENSIA:** *(Aterrada)* Non o toque!

**HIPO:** Non o toques, que hai que agardar que veñan do xulgado e estamos intentando avisalos por teléfono...

**HORTENSIA:** Contestan ou non?

**ABELARDO:** Xa falei con dúas casas e tres tabernas diferentes, pero non hai xeito de comunicar co Xulgado.

**DAMIANA:** Será que non o oen!! Déixeme a min, señorito, que eu estou aquí para servilos!

**HORTENSIA:** *(A ABELARDO)* Déixaa, que se non a escoitan a ela é que se foron de vacacións.

**ABELARDO:** Pois veña, que lles berre esta un anaco.

**DAMIANA:** Que número é?

**ABELARDO:** Aquí. *(Sinala onde o ten apuntado)*

**DAMIANA:** *(Marcando)* Seis!!! Tres!!! Cero!!! Nove!!! Tres!!! Catro!!! Xa verán que rápido!! Oia!?? Oia??!

**HIPO:** Que bruta!

**HORTENSIA:** *(Tapando as orellas)* Esta muller ponme mala...

**DAMIANA:** *(Ao teléfono, a grito pelado)* O trinta e catro mil vinte e cinco!!!? O trinta e catro mil vinte e cinco!!!?

**HIPO:** *(Imitándoa)* Oitenta miiiiiiii peseeeeeeeeetaaaaaas!!!

**DAMIANA:** Que?!!

**HIPO:** Non, nada; que se segue vostede así, vai acabar por sacar o gordo.

**ABELARDO:** Mira, Damiana, o mellor é que te achegues ti mesma ao Xulgado.

**HORTENSIA:** Iso é.

**HIPO:** Si, si, que marche.

**DAMIANA:** *(A ABELARDO)* Como vostede queira!!! Eu estou sempre onde o deber me chamar!!!

**HIPO:** Magnífico. Xa o oiramos antes.

**DAMIANA:** Vexamos!! Que hai que dicir!?!??

**HORTENSIA:** Onde?

**DAMIANA:** No Xulgado!!

**ABELARDO:** É verdade! Que se di nestes casos?

**HIPO:** Pois home, nada... Que diga que estabamos reunidos ceando para celebrar a vosa inminente voda, que será na igrexa de San Antonio dos Gorrións, cando no medio da nosa alegría e do silencio da noite, e no momento no que comezabamos a xogar unhas partidiñas ó chinchón...



**HORTENSIA:** Iso é moi longo.

**ABELARDO:** Ó xuíz que lle importa a nosa voda e San Antonio!!...

**HIPO:** Pois... Que lle diga que estabamos xogando e que faga o favor de vir a levantar ao morto.

**HORTENSIA:** Así vaise ofender.

**DAMIANA:** Se lle digo iso, méteme presa!!!

**ABELARDO:** Vaia! Trae un papel, ti... (*HIPO dálle un papel e ABELARDO saca unha estilográfica do seu peto. Disponse a escribir*). O mellor será poñerlle catro liñas.

**HORTENSIA:** Iso, iso!

**ABELARDO:** (*Escribindo e lendo o escrito*)

“Señor ou Señora Xuíz ou Xuíza de  
Garda:

Os abaixo asinantes, inquilinos e  
amigos íntimos da vivenda número 119  
da Rúa Miraflores...”

**HIPO:** Non sigas...

**ABELARDO:** Pois... que ocorre?

**HIPO:** Que nos fixeches amigos da vivenda.

**ABELARDO:** Como? (*Lendo o escrito*) “...inquilinos e amigos íntimos da vivenda...” Coiro! É certo! Que poñemos?

**HORTENSIA:** Pon inmobile.

**HIPO:** Tampouco se pode ser amigo íntimo dun inmovible.

**DAMIANA:** Poña casa, señorito!!!!

**ABELARDO:** *(Escribindo e lendo)* "...inquilinos e amigos da casa..." Anda! Pois resulta que casa queda ben. "...Róganlle a vostede que teña a bondade de vir a... de vir a... a levantar..." Non! Eu non poño levantar.

**HIPO:** Pon incorporar, que é máis suave.

**ABELARDO:** "...A recoller...", Iso é! "...A recoller os restos dun desdichado que tivo a ben suicidarse a tiros nun diván..."

**HORTENSIA:** Iso do diván quítao, Abelardo.

**HIPO:** Ou pono antes.

**ABELARDO:** "...Nun diván... a suicidarse nun diván... tivo a ben nun diván..." Non sei onde poñer o diván.

**HIPO:** Arriba. Pono arriba.

**ABELARDO:** Isto é! Así! "A recoller dun diván os restos de...", etcétera... "Con tal motivo..." Non. "Con tan macabro motivo..." Tampouco... "Con tan orixinal motivo..."

**HORTENSIA:** Aí viría ben outro adxectivo, non cres?

**HIPO:** Espeluznante.

**ABELARDO:** Si, si, iso. "Con tan espeluznante motivo quedan de vostede seguros servidores..." Asino. E asinade vos.

*(Asinan todos)*

**HORTENSIA:** Habería que pasalo a limpo...

**ABELARDO:** Non, que se se pon en limpo van crer que é mentira. Anda, Damiana, a fume de carozo. Colle un taxi, dis que te leve ao Xulgado de Garda, preguntas polo xuíz e pides que lle pasen isto. *(Dalle a carta)*

**DAMIANA:** Pero faranme caso?!!!!!!

**ABELARDO:** Si, muller, si... como non ían facerte caso?

**DAMIANA:** É que se non me fan caso!!!! Ben, se non me fan caso, vanme oír!!!  
*(Marcha pola esquerda)*

### **ESCENA TERCEIRA**

*(Óese un rumor de voces que se acerca. Entran DELFINA, unha dama moi fina e PIERRE, un cabaleiro de barba negra, correctísimo; ela trae sobre ós ombreiros un abrigo ou capa e el ven co abrigo posto e o sombreiro na man. Seguíndoos ven RAMONA. DELFINA avanza cara HORTENSIA)*

**DELFINA:** *(Con voz moi teatral)* Hortensia! Miña amiga!

**HORTENSIA:** Delfina! *(Abrázanse dramaticamente)*

**DELFINA:** Meu Deus! Cala, non me digas nada! Xa me contou Ramona. E tanto eu como Pierre, que ceaba en casa e xa se ía... *(A PIERRE)* Verdade que xa marchabas?

**PIERRE:** Si. Xa marchaba.

**DELFINA:** Tanto eu como Pierre estamos aterrados.

**PIERRE:** E atónitos.

**DELFINA:** Isto é: aterrados e atónitos.

**PIERRE:** E consternados.

**DELFINA:** Isto é: aterrados, atónitos e consternados. Eu tería vido inmediatamente ao escoitar os tiros, pero a porteira fíxome comprender que podería molestar...

**PIERRE:** E eu tamén cho dixen, Delfina...

**DELFINA:** Isto é: e Pierre tamén mo dixo. Xa coñeces o correcto que é Pierre. Un suicida na túa propia saliña! Un suicida moreno e con bigotes! Que espanto! Que espanto, meu Deus!

**HORTENSIA:** Un horror, Delfina.

**DELFINA:** E como puido ocorrer isto? Onde está? Onde está? (*Descubriendo ao SEÑOR GARCÍA*) Oh! Non quero velo! Non o mires, Pierre! Pierre, non o mires!

**PIERRE:** Non, Delfina.

**DELFINA:** E entrar así, de súpeto, polo balcón, para matarse a tiros en casa allea. Xesús! A Humanidade está deixada da man do Altísimo! Por suposto, estragouche o diván... Que pena; acabado de tapizar! Pero, quen é ese infeliz? Que se sabe del?

**ABELARDO:** Non sabemos nada. Non podemos tocalo. Esperamos ó Xuíz de Garda.

**DELFINA:** Esperan ó xuíz, Pierre.

**PIERRE:** Claro, claro...

**DELFINA:** Como está vostede, Hipo? Perdoe que non a saudara... Teño a cabeza tola. Levas ti o bolso, Pierre?

**PIERRE:** *(Que leva un bolso de señora na man)* Si; eu levo o bolso, Delfina.

**DELFINA:** É por se me fan falla os sales. *(Sentándose; a HORTENSIA)* Cántamo como foi. Cántamo todo ben. *(Mirando ao SEÑOR GARCÍA)* Pobre señor, alí deitadiño! Pobriño, pobre señor!

**HORTENSIA:** Foi horroroso. Imaxínate que remataramos de comer e estabamos...

**PIERRE:** *(Por HIPO)* E esta señorita... Esta señorita é a súa irmá, Abelardo?

**ABELARDO:** Non, miña irmá ven pasado maña dende Valladolid co gallo de asistir á nosa voda.

**DELFINA:** Ah, de Valladolid! Que preciosa Valladolid! Non fun nunca, pero din que é preciosa. Meu Deus, en que ocasión tan horrorosa vos coñecedes!

**PIERRE:** É un coñecemento sellado coa morte.

**DELFINA:** Isto é! Tes razón Pierre. Que fermosa frase! Un coñecemento sellado coa morte. Ben, o momento de facer presentacións non é moi oportuno, pero non hai máis remedio. *(Presentando)* O señor Pierre, o meu prometido.

**HIPO:** Moito gusto.

**DELFINA:** Ela é Hipo, unha amiga da casa.

*(Dentro soa o timbre)*

**HORTENSIA:** O xuíz!

**RAMONA:** O xuíz!

*(RAMONA vaise pola esquerda)*

**ABELARDO:** Ese é o xuíz...

**DELFINA:** Non! Debe ser a do terceiro.

**HORTENSIA:** A viúva do coronel?

**DELFINA:** Si. Antes estaba na escaleira deliberando cal era a conduta a seguir, e a señora dicía que quería entrar, porque onde houbera tiros debería estar ela.

**ABELARDO:** *(Que está cerca da porta)* Si. É ela. *(Saudando)* Boas noites, Dona Carme.

#### **ESCENA CUARTA**

*(Entra DONA CARME. A viúva é unha muller de moito carácter)*

**DONA CARME:** *(A ABELARDO, moi grave, coma nas visitas de pésame).* Boas noites, querido amigo... Non lle digo a vostede nada; valor; hai que ser homes. *(A HORTENSIA)* Tampouco lle digo nada; hai que ser mulleres. *(Mirando ao SEÑOR GARCÍA)* Que barbaridade! Que barbaridade!

**DELFINA:** Boas noites, Dona Carme. Pierre, preséntote á nosa veciña, Dona Carme, viúva do coronel Suárez.

**PIERRE:** Señora, moito e moi eloxiosamente teño escoitado falar de vostede. Ver a súa beleza fai esquecer que estamos nunha habitación impregnados da morte...

**DONA CARME** (*Ruborizada*) Moitas grazas, cabaleiro. (*Vaise sentar con HORTENSIA e DELFINA*) Pois a min o feito sorprendeume en casa, escoitando a radio. Cando soaron os tiros crin que era unha broma do locutor. E ata que empezou a berrear a porteira non souben o sucedido. Eu críame no deber de entrar e poñerme en disposición de vostedes.

**PIERRE:** Coma nos. É que, con todos os meus respectos para ese desventurado, realmente un suicidio así non se ve tódolos días.

**DONA CARME:** Que ha de verse! E na propia casa...

**HORTENSIA:** Menudo susto levamos, Dona Carme.

**ABELARDO:** É que debería estar prohibido que unha persoa veña suicidarse así, a casa allea!

**DONA CARME:** Ben falado! A verdade é que este cabaleiro... non tería outro sitio onde matarse?

**DELFINA:** Co bonito que está o parque de Castrelos.

**HIPO:** Ou a provincia de Ávila. Toda a provincia de Ávila é preciosa.

**DONA CARME:** Ou A Coruña, sen ir máis lonxe...

**HORTENSIA:** Por Deus, non falen así vostedes, señoras!

**DELFINA:** É certo. Se non pasara a unha de nos...

**DONA CARME:** Como é? É novo?

**HORTENSIA:** Non. É moreno e con bigotes.

**DONA CARME:** Ui, con bigotes! *(Que se vai achegando ao SEÑOR GARCÍA)* E apareceu xa a pistola?

**HORTENSIA:** Non o toque, Dona Carme.

**HIPO:** Ata que veña o xuíz, que está avisado...

**DONA CARME:** Xa o sei, muller, xa o sei.

**ABELARDO:** *(Que fai un rato que esta preocupado)* Entón rexistrarano e saberemos a que atenernos. Saberemos porque elixiu este lugar para se matar... que é unha cousa... *(Sombrío)* Que é unha cousa que non me deixa vivir!...

**HORTENSIA:** Abelardo!

**ABELARDO:** Cala! É mellor que cales!

**HORTENSIA:** Pero Abelardo! Que estás supoñendo? Que estás pensando?

**ABELARDO:** Que queres que pense? Antes non pensaba nada: o imprevisto, a sorpresa, o axetreo dos primeiros momentos non me deixaban pensar en nada... Pero, agora!...

**HORTENSIA:** Abelardo!

**ABELARDO:** Esta casa é túa... Ti soa vives nela. Namórome de ti. Decidimos casar. Hoxe reunímonos aquí coa nosa amiga para cear e celebrar a próxima voda... E un home entra polo balcón, pégase un tiro e aparece morto no teu propio diván. Teño dereito a que a miña confianza vacile, e non so a que vacile



senón a que se desplome! Quen é ese home? Dime! Por que se meteu na túa casa? Responde! Por que se tumba no teu diván? Contesta! Ah!! Ves como non contestas, nin dis, nin respondes?

**HORTENSIA:** Abelardo, cala! Abelardo, non sigas! Ai, que todo me da voltas! Ai meu Deus, que me poño malísima! Ai, que eu non sei como me poño!

**DELFINA:** Poste moi pálida, que facemos?

**DONA CARME:** Denlle aire... Ou un pouco de auga!

**HIPO:** Pero home, Abelardo... Parece mentira!

## **ESCENA QUINTA**

*(Dentro soa o timbre)*

**DONA CARME:** O xuíz!

**RAMONA:** O xuíz! *(Vaise pola esquerda)*

**ABELARDO:** O xuíz! Agora saberemos a verdade! *(Vai cara a esquerda)* Eh?  
*(Retrocedendo indignado)* Non é o xuíz.

**HIPO:** Non é o xuíz? Pero quen é?

**ABELARDO:** Máis veciños. Todo son veciños! Por que non morren os veciños?

*(Pola esquerda entra OLGA, que ven falando con RAMONA e é unha muller elegantísima e guapísima, de actitudes verdadeiramente harmoniosas. Mirando ó SEÑOR GARCÍA)*

**OLGA:** Que cousa tan terrible! É asombroso!

**DELFINA:** Olga, miña amiga!

**OLGA:** Acabo de saber...

**DELFINA:** Lexendario, Olga, lexendario! Hortensia, abrumada; Abelardo, abrumado; eu, abrumada. Todos abrumados. Que noite, Señor, que noite!

**HORTENSIA:** Olga... Ven aquí. Moitas grazas por baixar.

**OLGA:** Fágoo con moito gusto.

**HORTENSIA:** Es moi amable.

**PIERRE:** E esta señorita... Esta señorita Olga quen ven sendo?

**RAMONA:** Una recitadora rusa que vive no segundo.

**PIERRE:** Caramba! Pois mentres chega ou non chega o xuíz... podería recitarnos algo. Así pasaríamos moito mellor a espera...

**HIPO:** Home, o momento non é o máis oportuno, penso eu...

**ABELARDO:** *(Nervioso) Pero, e ese xuíz? Por que non ven ese xuíz? (Séntase)*

**OLGA:** *(No grupo das señoras)* Tamén meu pai morreu así... Tamén el se suicidara.

**HORTENSIA:** É posible?

**DELFINA:** De veras?

**OLGA:** Unha noite fun entrar no seu despacho... Era eu pequeniña... Fun entrar no seu despacho e atopeino morto... de tres balazos.

**HORTENSIA:** Meu Deus!!

**DELFINA:** Onde se pegou os tiros seu pai?

**OLGA:** En Rusia.

**DELFINA:** Non. Decía en que sitio.

**OLGA:** Na cabeza.

**DELFINA:** Non, non... Que en que sitio de Rusia.

**OLGA:** En Moscú. Dende aquela todas as noites aparéceseme...

**HORTENSIA:** Seu pai?

**OLGA:** Meu pai, si. Din que os suicidas... non marchan nunca do mundo...

**HORTENSIA:** Por Deus, que cousas se din por aí!

**OLGA:** Unhas veces aparéceseme na miña alcoba; outras, ó volver de traballar no teatro, véxoo diante de min, subindo a escaleira; ás veces, ó entrar en casa, o atopo sentado no recibidor... *(Todos se estremecen)*

**HIPO:** Carai!

**RAMONA:** *(Fai o xesto da cruz)* Xesús!

**HORTENSIA:** Estamos todos nerviosos e febrís...

**DONA CARME:** Tamén o xuíz non sei que fai que non ven, raios!

**RAMONA:** Pierre propuña unha cousa que ten razón e que nos tranquilizaría un pouco.

**HORTENSIA:** O que?

**PIERRE:** Propuña que... para agardar a chegada do xuíz libre de ideas lúgubres... que Olga recitase uns versos...

**HORTENSIA:** Pero Pierre, criatura, recitar uns versos estando...! (*Sinala ó SEÑOR GARCÍA*) Vamos! Eu penso que...

**DELFINA:** Pero sendo uns versos tristes...

**HORTENSIA:** Ben, se é así... Sendo tristes... Poden valer.

**RAMONA:** Claro! Sendo tristes!

**OLGA:** Podo recitar o poema titulado “La Muerte galopa sobre montones de esqueletos”.

**HORTENSIA:** Eu penso que iso será o suficientemente triste.

**DELFINA:** Iso ten que ser tristísimo.

**HORTENSIA:** Abelardo, Olga vai recitar un poema. (*ABELARDO non contesta*)

**DELFINA:** Déixao, xa se lle pasará. Ós homes non hai que facerlles moito caso...

**HIPO:** Veña, Olga. Aquí; póñase vostede aquí.

(*OLGA colócase no centro e se dispón a recitar como Berta Singermann: mirando ó teito e cos brazos caídos.*)

**OLGA:** “La Muerte galopa sobre montones de esqueletos” Poema. (*Recitando*)

Por un campo desierto, gris y blando

iba la Muerte galopando

-los dedos a las crines bien sujetos-

iba la Muerte galopando,

¡galopando!,

Sobre montones de esqueletos...

**UNHA VOZ:** Abran a porta! A porta!

**TODOS:** Chist, chist!

**DELFINA:** Home, que oportunos!!!

**UNHA VOZ:** A portaaaaa!! A portaaaaaaa!!!

**HIPO:** Pero quen mete esas voces? Que din?

**UNHA VOZ:** Queren abrir a porta do raio dunha vez?

**HIPO:** Pero quen será ese cafre? Voulle dicir polo balcón que... *(Vai cara o balcón. Todos na escena quedan calados e só se oen as voces que berran "A portaaaaaaa!!!", "Que abran a portaaaaaaa!!!" Unha pausa. Volve entrar)* É a xuíza!!!

**TODOS:** Que?!?

**HIPO:** A xuíza, a forense, e a detective.

**DONA CARME:** A xuíza, a forense e a detective chaman a berros dende a rúa?

**HIPO:** Veñen con Damiana, pero non poden entrar porque Damiana perdeu a chave.

*(HIPO volve marchar cara o balcón)*

**ABELARDO:** A xuíza e non ten chave? Pronto, unha chave! Unha chave do portal!

**DONA CARME:** Tome a miña.

**RAMONA:** Unha chave, señorito.

**DELFINA:** Tome a miña.

*(Ofrécenlle tres)*

**ABELARDO:** Unha! Unha e nada máis! *(Colle unha, a de RAMONA)*

**RAMONA:** Imos, eu abrirei, señorito.

*(Vanse RAMONA e ABELARDO pola esquerda)*

**HIPO:** *(Entrando outra vez, pola dereita)* Marcharon.

**HORTENSIA:** Que se foron o xuíz, a forense e a detective?

**HIPO:** Si. Damiana lembrou que ten unha chave de sobra na casa da súa prima e marcharon no auto do Xulgado a buscala. Contoumo un chofer que está aí parado arranxando un taxi.

**ABELARDO:** *(Entrando outra vez pola esquerda seguido de RAMONA)* Pero, e a xuíza? Non me dixeras que estaba aí a xuíza?

**HIPO:** E que foron a casa da prima de Damiana a buscar a chave.

**ABELARDO:** E non lles puidiches dicir que saía eu a abrir?

**RAMONA:** Vaia unha maneira de recibir á xuíza!

*(Volen saír ABELARDO e RAMONA pola esquerda)*

**HORTENSIA:** Virxe Santísima! Por fin imos saber dunha vez quen é ese desventurado.

**DONA CARME:** Por fin!

**DELFINA:** E coñeceremos a causa terrible que o levou a esa morte máis terrible aínda.

**OLGA:** Tamén cando o de meu pai viñeran o xuíz e o forense. É certo que a vida repítese unha e outra vez!

*(Unha pausa onda e impresionante. No medio do emocionante silencio que a situación, a tensión dos nervios e a impaciente espera crearon, soa, de súpeto, a voz afogada de PIERRE, que se sinte subitamente cun ataque de risa)*

**PIERRE:** *(Loitando por conterse)* Puf! Puf! Pufff!

**DONA CARME:** Ocórrelle algo?

**PIERRE:** *(Conxestionado de risa)* Non... Nada... Que se me ocorreu un chiste... Puf! O único chiste que se me ocorreu en corenta anos! Puuuuuffff!

**DONA CARME:** Chist! Cale! Aguántese!

**PIERRE:** *(Coméndose o pano)* Puf! Puff! Puuffffff!

**DONA CARME:** Pero, que é?

**PIERRE:** Non... nada... nada... Unha parvada... Pero... Puffff! Puffff!

**DONA CARME:** *(Sorrindo de ver rir a PIERRE)* Dígame que é; dígame...

**PIERRE:** Que... ese... home... o morto... Ben! É unha parvada!... pero... puuuuuuffffff!

**DONA CARME:** *(Rindo xa tamén)* Diga, diga...

**PIERRE:** Que ese home, puuffff!... Un diván é para descansar... puuffff... puuffff... e el está aí para o seu descanso eterno!!!!

**DONA CARME:** *(Unindo a súa risa afogada á de PIERRE)* Puuuuffff! Puaff! Puaff!!!

**HIPO:** Que é? Que é?

*(Todos vanse acercando interesados e sorrindo)*

**DONA CARME:** O señor Pierre... puuff!... que... Di que ese home...!! ... Está no diván para o seu descanso... descanso eterno!!! hahahahahahaha!

**HIPO:** hahahahahahaha!!!

**DONA CARME:** Puaff!! hahaha! hahaha!

**DELFINA:** Que pasa!?

**HIPO:** Que...

*(Vanse transmitindo a frase e chega un momento en que todos rin xa abertamente, nerviosamente, dun modo irreprimible. Entón entra ABELARDO).*

**ABELARDO:** Pase vostede señora xuíza. Pase vostede, señora forense. Inspectora...



*(Entran a xuíza, a forense e a inspectora que ao ver a escena detéñense atónitos. Unha pausa. Os demais rin sen fixarse neles, rin e rin)*

**FORENSE:** *(A ABELARDO)* Escoite vostede, pero... é aquí onde se suicidou un señor?

## **ACTO SEGUNDO**

*A mesma decoración que no acto primeiro. A escena e os personaxes están exactamente igual que cando o pano baixou. Xunto á porta, ABELARDO, a INSPECTORA e a XUÍZA aínda estupefactos, contemplan ao grupo que non para de rir. Detrás aparecen a FORENSE e a OFICIALA DO XULGADO, e máis atrás aínda asoman o nariz DAMIANA, e RAMONA.*

**HIPO:** *(Véndoos de pronto, poñéndose seria e dando co cóbado aos demais)* A xuíza, a xuíza!

**HORTENSIA:** A xuíza!

**PIERRE:** A xuíza e a forense!

**DELFINA:** A forense e a xuíza!

**DONA CARME:** Por Deus... que terán pensado de nós a xuíza e a forense?

**HORTENSIA:** Meu Deus!

**DELFINA:** Xesús!

**OLGA:** *(Blasfema en ruso)*

*(Desparrámanse avergoñados)*

**HIPO:** Recoiro! Tamén foi casualidade.

**PIERRE:** Para unha vez que se me ocorre un chiste!

**ABELARDO:** *(Duramente e aparte a HORTENSIA)* De que vos riades? Hai que estar tolos! Tolos!!

**HORTENSIA:** Abelardo... se eu te explicase...

**ABELARDO:** Silencio!

*(Hai unha longa pausa. Todos calan, avergoñadísimos e arrepentidos. A FORENSE, a XUÍZA, a OFICIALA e a INSPECTORA miran, movendo as cabezas)*

**FORENSE:** *(Aparte á INSPECTORA e á XUÍZA)* Vaia unha parroquia de xente!, eh?

**XUÍZA:** En trinta e cinco anos, Santamaría! En trinta e cinco anos, contados os bisestos, nunca vira unha cousa igual!

**INSPECTORA:** Increíble! Non teño nin idea de como vou enfocar este caso. Se é que o mundo da noxo... Suicidio, asasinato... que é o que pasou aquí?

**XUÍZA:** *(Despois dunha pausa. Avanzando)* Ben!

**INSPECTORA:** *(Avanzando tamén)* Ben! Ben!

**XUÍZA:** Está claro, señoras e señores, que o morto non sería familia de vostedes.

**HORTENSIA:** Non, señora xuíza.

**DELFINA:** Non, non.

**OLGA:** O morto non era parente de ninguén, señora xuíza...

**INSPECTORA:** Xa o sospeitaba eu.

**FORENSE:** E eu! Eu tamén o sospeitaba señora xuíza...

**XUÍZA:** Xa, claro... Porque cando o morto é parente non se atopa un a todos rindo deste xeito...

**INSPECTORA:** Os únicos que rin nestes casos son os herdeiros.

**DONA CARME:** *(Avanzando)* Señora xuíza: isto precisa unha explicación; permítame que me presente, posto que...

**PIERRE:** Será mellor que me presente eu, señora xuíza, e que lle explique...

**XUÍZA:** *(Categórica)* Chist, chist, chist! Calma, calma, calma!... Moita calma. Nada de precipitacións. Xa se presentarán todos, xa falarán todos...

**INSPECTORA:** Tomarémoslle declaración a todos e cada un de vostedes, pero cada cousa no seu momento. Preséntome: son a inspectora Santamaría *(ensina a súa placa)*, e tanto a Xuíza coma min, coa axuda da oficiala Carbó e a forense, chegaremos ata o fondo deste suceso. Rogámoslles que manteñan a calma e nos deixen facer o noso traballo. Xa bastantes problemas tivemos para chegar ata aquí.

**FORENSE:** Claro, calma!

**ABELARDO:** Iso! Non estraguedes máis o asunto.

**XUÍZA:** Vaia un caso, Señor, vaia un caso! Primeiro, para avisarme, mándanme unha carta... Unha carta asinada por varias persoas.

**INSPECTORA:** Como nas invitacións de voda.

**XUÍZA:** Logo empeza a dar berros unha muller que di que é a porteira da casa.

**DAMIANA:** Para servilos a vostedes!!

**INSPECTORA:** Despois resulta que a porteira perdera a chave do portal e hai que ir á casa da súa prima.

**XUÍZA:** (Á *INSPECTORA*) Ir a casa da prima da porteira! Santamaría, eu!! A xuíza!

**INSPECTORA:** E nós antes berrando dende a rúa para que nos abrisen aporta.

**FORENSE:** E que se deixamos á porteira que chame ela, desperta toda a barriada. E como a oficiala do Xulgado está afónica...

**OFICIALA:** Afónica perdida. Pero que levo dez días así; xa o sabe a señora xuíza, que a última garda na que estivo de garda a señora xuíza, non nos puidemos poñer de acordo a xuíza e mais eu...

**INSPECTORA:** E despois de máis de cinco minutos dando voces e de ter que ir á casa da prima da porteira, resulta que non estaba na casa! Que estaba nun furancho tocando a gaita! E alá tivemos que ir! A un furancho a pola prima da porteira!!

**DAMIANA:** Servidora de vostedes!!

**FORENSE:** Se polo menos fose nun bar! Pero nun furancho!

**HORTENSIA:** Perdoen vostedes... Abelardo xa saía a abrir.

**ABELARDO:** Se soubésemos o que ía pasar eu tería apurado máis.

**DAMIANA:** Perdoen á miña prima, excelencias!!!! É que ela dende que pecha a tenda ata a unha da madrugada aproveita para ir tocar unhas pezas porque na casa non lle deixan, polo ruído.

**XUÍZA:** (*Indignada*) Para ir tocar unhas pezas... E para colmo, entramos e atopamos no lugar do suceso a unha morea de xente rindo a esgalla! Non sei como tolerar semellante situación!

**INSPECTORA:** Isto non é tolerable, nin serio, nin digno! (Á *FORENSE*) Dona Casimira, diga vostede a verdade: parece isto un suicidio?

**FORENSE:** Non, señora: parece unha verbena.

**OFICIALA:** Ou un furancho!

**PIERRE:** Un momento, señoras... Cos meus respectos e os respectos de todos os que calan, porque confían na eficacia do verbo meu, preciso dar unha explicación señora xuíza. E como confío no verbo meu e como sei que o silencio dos demais da forza ó meu verbo...

**XUÍZA:** Pero antes de nada, cal é o verbo seu, cabaleiro?

**INSPECTORA:** Debe ser o verbo repetir.

**PIERRE:** Se nos atoparon rindo, señoras, cousa que todos deploramos xa, como deplora o segador o pedrisco que agosta las mieses...

**INSPECTORA:** Sen retórica, por favor! Que temos moito traballo por diante!

**PIERRE:** Se nos atoparon rindo foi contra a nosa vontade, señora xuíza. Nas horas máis tráxicas da vida, parece coma se o sistema nervioso reaccionase e se convertese en escudo de...

**XUÍZA:** *(Decatándose de que PIERRE é un pesado)* Moi interesante, moi interesante... Cántello á señora médica forense, verá como lle gusta... *(Vai cara o diván a examinar ó SEÑOR GARCÍA)*

**FORENSE:** *(A PIERRE)* Si, si; cóntemo a min... Quedouse vostede no momento en que o sistema nervioso reaccionaba e se convertía nun escudo.

**PIERRE:** *(Continuando o seu parágrafo)* Iso é: coma se reaccionase e... *(Continúa falándolle aparte. A FORENSE di que si coa cabeza.)*

**XUÍZA:** *(Que estaba coa INSPECTORA contemplando ó SEÑOR GARCÍA e murmurando entre elas)* Ben, perfectamente. *(Á OFICIALA)* Carbó...

**OFICIALA:** *(Con voz afónica)* Á súa orde, señora xuíza...

**XUÍZA:** Vaiase preparando para traballar no sumario.

*(A OFICIALA saca uns papeis dunha carpeta).*

**INSPECTORA:** Dona Casimira!

**FORENSE:** Mande vostede.

**INSPECTORA:** Cando vostede guste pode recoñecer ó suicida.

**FORENSE:** *(Sen poder ocultar un xesto de desagrado)* Si, si, señora; cando remate o seu parágrafo este cabaleiro...

**PIERRE:** Xa rematei.

**FORENSE:** *(Aparte)* Non importa, repítao outra vez... Que fala vostede moi ben e di fermosas palabras. *(Seguen falando aparte)*

**XUÍZA:** De contado comezaremos coas dilixencias de inspección ocular.

**INSPECTORA:** Tamén faremos os interrogatorios pertinentes e a reconstrución dos feitos. (*Sensación en todos*)

**HORTENSIA:** A reconstrución dos feitos?

**DELFINA:** Van reconstruír os feitos...

**DAMIANA:** E iso que é!???

**OLGA:** Pois repetir o que se supón que ocorreu.... Oh... Como me estou acordando de meu pai...

**ABELARDO:** Iso é... repetir o suicidio.

**RAMONA:** E quen se vai matar agora? Porque ese xa está matado! (*Sinalando ao SEÑOR GARCÍA*)

**DONA CARME:** Que parvada! Ninguén se vai matar... Van repetir o suicidio, pero finxido: de coma que!

**XUÍZA:** (*Volvendo a achegarse ao SEÑOR GARCÍA*) A ver, señores... Os donos da casa? (*A ABELARDO*) É vostede, esvelto cabaleiro?

**HORTENSIA:** (*Interpoñéndose*) Non, son eu, señora xuíza. Eu son a dona da casa, señora, e este esvelto cabaleiro (*por ABELARDO*) é o meu prometido.

**XUÍZA:** Ah!...

**HORTENSIA:** Pero como as cousas non se aclaren, estou vendo que vai deixar de selo para sempre, porque... (*Bótase a chorar de súpeto*) Aiii, señora xuíza, son moi desgraciada!...

**DELFINA:** Hortensia!

**RAMONA:** Señorita!

**XUÍZA:** *(Incómoda)* Señora... Señora, por Deus!

**INSPECTORA:** Pero en que tomate estamos metidos!?

**ABELARDO:** Hortensia...

**HORTENSIA:** *(Entre saloucos)* Porque... resulta que... por culpa deste home que veu suicidarse aquí, el cre que eu... que eu e ese señor... Aiii, que desgraciada son!

**OFICIALA:** *(Que non da a basto escribindo)* Señora Xuíza, Santamaría... teño que escribir todo isto do tomate?

**RAMONA:** Señorita, acougue! Quere vostede unha tila?

**XUÍZA:** A ver, unhas señoras que se fagan cargo desta señora...

**DELFINA:** Imos!

**HIPO:** Hortensia, ven con nos. *(Cóllela e lévana ao sillón)*

**OLGA:** Miña amiga, queres tila? Auga de azahar? Un pouco de éter?

**HORTENSIA:** Non, non, nada. Non quero nada. Moitas gracias, Olga...

**DONA CARME:** *(Encarándose con ABELARDO; duramente)* E vostede... Como pode supoñer dela semellante infamia?

**HIPO:** *(Levantándose do sillón e encarándose tamén a ABELARDO)* Iso é! Abelardo, como podes supoñer dela algo así? Aínda que fose certo! Se eu fora, ti, aguantaba! Cando se trata dunha muller así de estupenda... un ten que aguantar! Iso é!



**ABELARDO:** *(Zafándose delas)* Por favor, señoras... *(Á XUÍZA)* Señora xuíza... Póñase vostede no meu caso... Ese home, morto; morto nesta casa onde só vive ela coa criada...

**XUÍZA:** A calar! Agora máis ca nunca cómpre aclarar o sucedido aquí... *(Á OFICIALA)* Carbó, escriba mellor nunha mesa. Unha mesa para Carbó! *(Instálana nunha mesa)* *(Á FORENSE)* E vostede, dona Casimira, teña a bondade de recoñecer á vítima, inmediatamente. *(Ponse a mirar os papeis da OFICIALA)*

**FORENSE:** *(Nerviosísima)* Si claro... pois... Iso, non! Porque non!... Eu non!

**PIERRE:** Que lle ocorre a vostede, doutora?

**FORENSE:** Que eu non recoñezo ó... a ese... ó señor aquel... *(Sinalando ao SEÑOR GARCÍA)*

**DONA CARME:** *(Que a estaba escoitando)* A forense di que non quere recoñecer ao morto?!

**HIPO:** Como? É a primeira vez que escoito unha cousa igual!

**FORENSE:** Non, señoras, non o recoñezo; porque a min, suicidas... non! E aquel é un suicida... E suicidas despois do do barrio da Salgueira? Non! Ah, non! De ningunha maneira! Non, señor!

*(Todos, menos a INSPECTORA -que está inspeccionando a zona- a OFICIALA e a XUÍZA -que están revisando os papeis-, van acudindo intrigados)*

**TODOS:** Que di?

**DAMIANA:** Que di!? Que di!?

**PIERRE:** Di non sei que cousas do barrio da Salgueira... Eu creo que está un pouco... "afectada"... *(fai o xesto de que está tola)*

**OLGA:** *(En ruso)* Pero doutora, non terá vostede máis remedio que cumprir co seu deber...

**FORENSE:** Que!!!???

**OLGA:** Oh, desculpade. O recordo latente do meu pai fíxome volver á miña patria... Quería dicir que non terá vostede máis remedio que cumprir co seu deber...

**FORENSE:** Si, si... o meu deber é recoñecelo porque son forense. Pero... por que sigo a ser forense despois do do barrio da Salgueira?!

**DELFINA:** Pero que lle pasaría a esta muller no barrio da Salgueira para que se laie deste xeito?

**DONA CARME:** Eu estou intrigadísima.

**HORTENSIA:** Algo grave lle debeu ocorrer.

**RAMONA:** Ata eu morro de curiosidade.

**HIPO:** Díganos, doutora...

**ABELARDO:** Que foi aquilo que lle pasou?

**FORENSE:** *(Asustada, só de lembralo)* O de...? Case nada foi o do barrio da Salgueira! Se eu lles contara a vostedes o que me pasou cun suicida na Salgueira, non durmían vostedes en tres noites...

**PIERRE:** Polo que vostede máis queira no mundo, díganos o que sucedeu, doutora...

**FORENSE:** Pois unha noite... Non... Si! necesito contalo; necesito contalo para convencerme de que non foi un pesadelo.

**OLGA:** Conte, conte... faralle ben.

**FORENSE:** Pois unha noite avisaron ó Xulgado de que un señor se suicidara no seu propio domicilio.

**DAMIANA:** Onde?!!!

*(Indignación de todos)*

**HORTENSIA:** Damiana!

**DELFINA:** Pero, Damiana!

**HIPO:** Esta muller parece parva!

**RAMONA:** Hai que fixarse cando se fala... no barrio da Palmeira!...

**TODOS:** Salgueira!

**RAMONA:** Iso... Continúe vostede... faga o favor.

**FORENSE:** Cando cheguei, a xuíza non estaba alí aínda, porque tivera que ir antes a un incendio. Cheguei. A casa era triste e lóbrega. Era no último piso, e a escaleira, tortuosa e empinada. Subíamos o porteiro e máis eu, e as miñas pegadas soaban "tac, tac!", e as do porteiro "plom, plom!"

**DELFINA:** Meu Deus!

**PIERRE:** Estou imaxinando a escena.

**FORENSE:** O suicida, que estaba na miseria, atopábase nunha habitación do fallado co teito cheo de teas de araña. Parece que o estou vendo, tirado boca abaixo nun sillón... Achegueime a el, e cando estaba ao seu carón... entón... apagouse a luz!!

**HORTENSIA:** Meu Deus!

**DELFINA:** Apagouse a luz?

**FORENSE:** Si; apagouse a luz. Sen poder evitalo, retrocedín tremendo. Foron uns segundos de angustia e desacougo. Por fin, puiden preguntar: "Que ocorre?" E o porteiro contestou: "Perdoe vostede, señorita, é que apoieime sin querer na chave da luz".

*(Todos respiran aliviados)*

**HORTENSIA:** Ah!

**DONA CARME:** Claro, seguro que estaba frouxa a chave.

**FORENSE:** E agora ven o máis horrendo, o máis espantoso...

**RAMONA:** Máis?

**FORENSE:** Prendemos a luz de novo, refíxenme e achegueime outra vez ao suicida. O porteiro tamén se aproximou. E xa ía poñerlle eu a man por riba... cando... cando... cando se ergueu!!!

**RAMONA:** Oh!!!

**DAMIANA:** O suicida!???

**HORTENSIA:** O suicida!?

**ABELARDO:** O suicida ergueuse?

**FORENSE:** Si; levantouse do sillón. E levantouse dicindo o que se di sempre neses casos, dicindo: "Onde estou?"

**HORTENSIA:** Virxe santa!

**OLGA:** Que non estaba morto, claro.

**PIERRE:** Claro.

**HIPO:** Foi un caso de catalepsia?

**FORENSE:** Foi un caso de mala pata; porque cinco minutos despois morría de verdade. Xa me puido evitar ese mal trago.

**ABELARDO:** Si, xa se puido evitar o desgusto.

**FORENSE:** Así que dende aquela, a min, suicidas, non! Eu non recoñezo suicidas. A min que non me digan... os suicidas nunca están mortos de todo.

**INSPECTORA:** *(Que, xunto coa XUÍZA, rematou de inspeccionar a zona e repasar os papeis, van avanzando ao centro)* Ben, imos aló. Demos comenzo ás dilixencias.

**XUÍZA:** Séntense, señores e señoras. *(Todos obedecen, menos a criada. A inspectora vainos mirando con aire profesional a todos)* Dona Casimira, recoñeceu xa a...?

**FORENSE:** Non, señora Xuíza, aínda non. Vou de contado... é que... está rematando un dos seus parágrafos este cabaleiro... *(Agarrando dun brazo a PIERRE)* Si... un parágrafo sobre a primavera, iso é... estaba falando da luz e da cor do ceo... Siga vostede, cabaleiro...

**PIERRE:** *(Seguíndolle a corrente)* Si, si... Pois iso... que cando se funde a cor e cando se funde a luz...

*(Nese intre, a escena queda a escuras. Óense voces e exclamacións de "Que pasa!?", "A luz!", "A luz!" e dominándoo todo, a voz da FORENSE dicindo: "Como no*

barrio da Salgueira!"... *De contado acéndese a luz de novo. Todos moi impresionados*)

**FORENSE:** *(Tremendo)* Igual! Igual que na Salgueira!

**XUÍZA:** *(Enérxica)* Que ocorreu!? Quen apagou!?

**DAMIANA:** Señora Xuíza!!!!!!

**INSPECTORA:** Sen berrar! Xa lle dixemos no Xulgado que á Xuíza non se lle berra! Que ocorreu!?

**DAMIANA:** Perdoen vostedes!!! Dicía que a luz se apagou porque... porque... apoieime da chave, que está frouxa!!!

**FORENSE:** Miña nai!! *(Case cae)*

**PIERRE:** *(Sosténdoa)* Señora forense! Teña valor...

**INSPECTORA:** *(A DAMIANA)* Retírese da porta e non se apoie nas paredes! Queda rematado o incidente.

**XUÍZA:** *(A HORTENSIA)* A ver, señora, teña a bondade de facerme un relato do feito e indíqueme as persoas que o presenciaron.

**HORTENSIA:** Pois en realidade, señora Xuíza, o feito non foi presenciado por ninguén, xa que cando sucedeu estabamos todos no comedor, ó fondo dese corredor (Sinala ó foro). E estaba comigo o meu prometido...

**ABELARDO:** Servidor de vostedes.

**HORTENSIA:** ...tamén nos acompañaba unha amiga de toda a vida, a señora Satrústegui...

**HIPO:** *(Adiantándose)* Servidora. Poden vostedes chamarme Hipo. Todo o mundo me chama Hipo. Médica de profesión.

**INSPECTORA:** Ah! É vostede médica. Entón o seu Hipo supoño que será por Hipócrates.

**HIPO:** *(Humilde)* Non, señora. Por desgracia, só é Hipo de Hipólita.

**OFICIALA:** *(Dende o seu sitio, afónica e aparte)* Boh peor sería que fose Hipo de Hipódromo.

**HIPO:** *(Que non escoitou ben)* Que? Como?

**OFICIALA:** *(Que non se dera conta de que falara en alto)* Non, nada. *(Aparte)* Xa non sei o que digo.

**HORTENSIA:** ... e tamén estaba con nos a doncela, que se chama Luísa pero lle chamamos Ramona.

**RAMONA:** Servidora.

**XUÍZA:** E non había ninguén máis na casa no momento de ocorrer o suceso?

**HORTENSIA:** Ninguén máis, señoras.

**XUÍZA:** Entón, todas estas señoras e ese cabaleiro?

**HORTENSIA:** A porteira, que vostedes xa coñecen, e veciños. Veciños que tiveron a amabilidade de entrar ó decatarse do sucedido.

**XUÍZA:** *(Á INSPECTORA)* Pero vostede ve isto, Santamaría? Aquí ten vostede a estas persoas que aproveitaron o suicidio dun infeliz para pasar unha noite entretida!

**INSPECTORA:** Se é que o mundo da noxo... Se lles deixamos presenciar a autopsia seguro que repartes programas... En fin... *(A HORTENSIA)* Faga o favor se seguir relatando os feitos, señora. E se algún de vostedes pode engadir un dato, por insignificante que sexa, que o engada no momento oportuno; e procuren falar clariño para que a oficiala os entenda ben, que ten que escribilo todo. *(A HORTENSIA)* Pode comezar, señora.

**HORTENSIA:** Pois nada... que cando estabamos todos na situación xa dita e aproveitando que deixáramos aberto o balcón desta sala para que saíse o fumo da cociña...

**XUÍZA:** Un momento. Dona Casimira! Quere vostede facerme o favor de recoñecer dunha vez á vítima?!

**FORENSE:** Si, señora, si, agora mesmo. Antes vou un momento a examinar o balcón por onde tiña que saír o fumo da cociña. *(Aparte)* A que se vai esfumar son eu. *(Inicia o mutis)*

**HIPO:** *(Uníndose a ela)* Verá vostede... Eu explícolle.

**FORENSE:** *(Aparte; no mutis con HIPO)* Esta vaime estragar a saída de fumo.

**INSPECTORA:** E vostede, porteira... mentres volve a señora forense, rexistre á vítima e todo o que teña nos petos poñámolo por riba desta mesa.

**DAMIANA:** Si, señora inspectora!!!! *(Ponse a rexistrar ó SEÑOR GARCÍA posta de costas ó público)*

**XUÍZA:** Continúe vostede, señora.

**HORTENSIA:** Xa non sei por onde ía, con tanta interrupción... Ah, si! Pois naquel momento todos oímos uns tiros.



**INSPECTORA:** Cantos tiros?

**HORTENSIA:** Cinco.

**ABELARDO:** *(Intervindo)* Perdón; foron dous dous tiros nada máis, señoras.

**HORTENSIA:** Cinco, Abelardo.

**ABELARDO:** Dígoche que foron dous.

**INSPECTORA:** En que quedamos?

**DAMIANA:** *(Interrompendo un anaco o rexistro)* A verdade é que foron seis tiros!!!

**DONA CARME:** Seis; pero dous primeiro, e logo catro.

**DELFINA:** Catro tiros, soaron catro tiros.

**ABELARDO:** Dous!

**OLGA:** Foron sete!

**RAMONA:** Eu de camiño á cociña oín moitos, oito, ó mellor!

**PIERRE:** Señora Xuíza, inspectora, créanme a min: non se oíu máis que un tiro.

*(Seguen discutindo sobre os tiros. Nese momento entran de novo a FORENSE, seguida sempre de HIPO e moi fastidiada.)*

**FORENSE:** *(Aparte)* Nada; non hai forma de que me deixe soa.

**XUÍZA:** Dona Casimira, en canto a porteira remate o rexistro, recoñézame a vítima, muller! Que estes señores non se poñen dacordo nos tiros.

**INSPECTORA:** Habendo tiros, sempre pasa o mesmo, non hai maneira de que as testemuñas se poñan dacordo.

**DAMIANA:** A pistola!!!!

*(Asombro xeral)*

**ABELARDO:** *(Colléndolle a pistola a DAMIANA)* Xa temos a pistola!

**DAMIANA:** *(Recuperando a pistola das mans de ABELARDO)* Estaba no diván!!!!

**INSPECTORA:** Traia vostede, deixade de apalpala. Agora vexamos os tiros que se dispararon. *(Colle a pistola e manobra nela, sacando o cargador.)*

*(Todos rodean á INSPECTORA, curiosos)*

**OLGA:** A ver... oh, meu deus! Unha "Desert Eagle", igualiña que a de meu pai...

**INSPECTORA:** Ben, pois na pistola non hai máis que dúas cápsulas.

**ABELARDO:** Entón, está claro.

**INSPECTORA:** Clarísimo, porque considerando que nestas pistolas caben seis balas, resulta que os tiros igual teñen podido ser catro, tres, dous ou un.

*(A INSPECTORA deixa a pistola, e a collen OLGA e DONA CARME para inspeccionala, porque a ambas lles gustan as armas)*

**XUÍZA:** *(Á FORENSE)* Dona Casimira, recoñézame a vítima e polas feridas xa o saberemos.

**FORENSE:** Xa vou... si... *(Aterrorizada, non sabe como librarse desta)*

**OLGA e DONA CARME:** Ah!!

**TODOS:** Que!? Que!?

**DONA CARME:** A pistola ten unha inscrición.

**FORENSE:** Oh, que interesante, unha inscrición.! *(Aparte)* Señor! Que de tempo a que ocorra algo para que non teña que recoñecer ó cadáver!

**TODOS:** A ver...

**DEFINA:** Que di?

**DONA CARME:** Di... Non o leo ben... Di...

**OLGA:** Déixame a min. Di... "Fábrica Nacional de Armas. Eibar. Guipúzcoa."

**XUÍZA:** Por Deus, señoras!

**DAMIANA:** *(Que rematou de rexistrar os petos do SEÑOR GARCÍA)* Xa non ten nada nos petos, señora Xuíza!!! Aquí, na mesa, está todo o que atopei!!!

**XUÍZA:** *(Indo cara á mesa)* Vexamos.

**FORENSE:** Si, si! Imos velo detidamente, moi detidamente... sen presas!

**OFICIALA:** *(Lendo o escrito, sempre afónica)* "No primeiro rexistro practicado á vítima, etc, etc; fóronlle atopados os obxectos de uso persoal, papeis e documentos, etc, etc; que se expresan a continuación no presente sumario, etc, etc"

**INSPECTORA:** Ben, escriba. *(Collendo as cousas que vai dicindo de enriba da mesa e ditando a OFICIALA a descrición dos obxectos.)* Unha pitilleira, ó parecer, de prata.

**DELFINA:** Non, iso é de latón.

**INSPECTORA:** Unha pitilleira, ó parecer de latón, valeira, e en cuxa tapa hai gravadas as iniciais R.I.P.

**RAMONA:** Que son unhas iniciais para animar a un suicida...

**DAMIANA:** Eu lle axudo, inspectora! (*Collendo cousas ela tamén de enriba da mesa*). Un pano con vainica feita a máquina, de unhas 100 pesetas de prezo!!!

**HORTENSIA:** Que barato!

**OLGA:** Pobre señor!

**INSPECTORA:** Un moedeiro de coiro contendo oitenta e cinco céntimos.

**DONA CARME:** Pobre, pobre...

**DAMIANA:** Unha carta sen sobre, ó parecer dirixida ó morto e que di así: "Amigo García...!!!!!"

**DELFINA:** Chamábase García...

**RAMONA:** Pobriño! Ata se chamaba García!

**ABELARDO:** (*Colléndolle a carta a DAMIANA e lendo*) "Amigo García: estou ata as orellas..."

**XUÍZA:** Quen asina a carta?

**ABELARDO:** Asina... (*Lendo*). "Nemesio López, sacerdote..." (*Volve ó principio da carta*) "Amigo García: estou ata as orellas de que se negue vostede a devolverme aquelas 300 pesetas que lle prestei en Maio, sabendo vostede na mala situación pola que atraveso e constándolle que nunca lle lembraría esta débeda se..."

**HORTENSIA:** E tiña débedas...

**DELFINA:** Ó mellor matouse por iso.

**HIPO:** Non me estrañaría...

**OLGA:** Pobre home...

**DONA CARME:** Era un infeliz!

**ABELARDO:** Deixádeme rematar! (*Lendo*) "E, por última vez, rógolle encarecidamente que mas envíe á maior brevedade, co que quedará agradecido o seu amigo de sempre, Nemesio López, sacerdote."

**XUÍZA:** Que se una esta carta ó sumario. Paréceme que isto vaise aclarando. Tal e como dixo antes a señora Hipólita, non me estrañaría que o suicidio se debese ós desastres económicos.

**ABELARDO:** Oxalá sexa así señora Xuíza! Pero entón... Por que escolleu a casa da miña prometida para matarse?

**XUÍZA:** Xa o descubriremos, xa o descubriremos...

**DAMIANA:** (*Seguindo coa descripción dos obxectos*) Oito palillos de dentes en mediano uso.

**INSPECTORA:** Un chisqueiro automático, en bo uso... pero que... (*facendo funcionar o chisqueiro*), pero que non acende...

**PIERRE:** Coma todos...

**DAMIANA:** Un estuche contendo unhas gafas ás que lles falta un cristal!!!

**HORTENSIA:** Ai, que desastre de home!...

**INSPECTORA:** (*Seguindo co inventario*) Unha carteira de pel de Ubrique, moi usada e contendo varios documentos e 5.725 pesetas en billetes.

**HIPO:** Pois non era tonto!

**DONA CARME:** Que ía ser tonto! Máis de mil duros...

**ABELARDO:** Ve vostede, señora Xuíza como non se matou por falla de cartos?

**XUÍZA:** Ben, ben... Calma, calma...

**PIERRE:** E tendo cartos por que non lle pagaba os sesenta duros ó cura?

**OLGA:** Pode que llo impedisese a súas ideas políticas... Ou a mafia rusa.

**DAMIANA:** Un paquete de azúcar, intacto, en cuxa etiqueta pódese ler: "Granxa do Henar".

**RAMONA:** Tomaba o café na Granxa!

**FORENSE:** E sen azucre!

**INSPECTORA:** E por último... Ah!!!

**TODOS:** Que!? Que!?

**INSPECTORA:** Outro papeliño... Un papeliño asinado polo suicida e que di: "Que non se culpe a ninguén da miña morte, señor Xuíz ou Xuíza; mátome por propia vontade, e co corazón destrozado por un desengano... A muller que o foi todo na miña existencia, vai casar con outro; por iso elixo a súa casa para matarme..."

*(Sensación xeral)*

**ABELARDO:** *(Desesperado)* Ah! Veo vostede, señora Xuíza? Que di agora, eh!?

**HORTENSIA:** Meu Deus!

**DELFINA:** Virxe Santa!

**RAMONA:** Recoiro!

**DONA CARME:** Vaia por Deus!

**OLGA:** Pobre infeliz!

**HIPO:** Toma xa!

*(Todas esas intervencións, moi rápidas)*

**ABELARDO:** *(Desesperadísimo)* Se xa me parecía a min! Se por algo dubidaba eu! (A HORTENSIA) Infame... Terme ocultado isto!

**HIPO:** Abelardo, ten calma.

**HORTENSIA:** É mentira! Xúrocho! Ai meu Deus, vou morrer de vergoña!!!

**DELFINA:** Hortensia...

**RAMONA:** Señorita, non morra vostede de vergoña, que non vale a pena...

*(Lévana ó sillón)*

**ABELARDO:** Que parvo fun! Pero, en que estaba eu pensando? Convéncense vostedes agora!? Convéncense vostedes!?

**DONA CARME:** Veña, Abelardo... hai que ser homes.

**XUÍZA:** Cabaleiro... Valor. Comprendo todo, e créame que o sinto de veras. Pero a xustiza ten que seguir o seus pasos. É cuestión de pouco tempo. Suplícolle que aprace a resolución dos seus conflitos sentimentales ata que se leven a cabo as últimas dilixencias.

**HIPO:** *(Levándose aparte a ABELARDO)* Abelardo, amigo, non te preocupes. Logo falas con Hortensia, abandónala, e mañan vas a Valladolid coa tua irmá.

**ABELARDO:** Pero e que fago eu en Valladolid co namorado que estou dela? Destrozoume a vida, a canalla!

**HORTENSIA:** É mentira, Delfina; xúroche que é mentira... *(Chora)*

**XUÍZA:** Ea, señores. Rógolles a todos que se sobrepoñan ás circunstancias. Procedamos á reconstrución dos feitos, e deseguida dona Casimira recoñece á vítima.

**FORENSE:** Si, si... pero primeiro a reconstrución...

**XUÍZA:** A ver. *(A HORTENSIA)* Vostedes, ó oír os tiros, entraron por aquela porta, non é?

**HORTENSIA:** *(Secando as bágoas e levantándose)* Si, señora Xuíza, por aquela porta.

**XUÍZA:** Pois teñan a bondade de saír todos... Imos!

**RAMONA:** Todos?

**XUÍZA:** Si, veña.

**OFICIALA:** Todos, todos?

**XUÍZA:** Todos, todos, Oficiala Carbó. *(Van saíndo pola porta do foro)* Quédense aí. Ben, os que estaban na casa ó ocorrer o suceso, que se coloquen en primeira fila para volver entrar comigo e que eu vexa como foi.

*(Colócanse diante HORTENSIA, ABELARDO, HIPO e RAMONA)*

**INSPECTORA:** *(Facéndose a profesional)* Así! Quietos!

**DAMIANA:** Seica vai facerlle unha foto a unha orquestra!!



**DONA CARME:** Quere calar?

**XUÍZA:** A luz como estaba? Prendida ou apagada?

**RAMONA:** Apagada, señora Xuíza.

**XUÍZA:** Quen de vostedes prendeu a luz ó entraren?

**HIPO:** Eu , señora Xuíza.

**XUÍZA:** Pois vostede volverá a prendela agora. Que cada un procure facer exactamene o que fixo ó ocorrer o feito, eh?

**TODOS:** Si, si.

**XUÍZA:** Pois imos. Vou apagar a luz.

*(Apaga a luz, únese ao grupo e pecha a porta. A escena queda soa e totalmente a escuras.)*

**VOZ DA XUÍZA:** *(Desde detrás da porta)* Preparados. Imaxinemos que agora soan os tiros!

*(Nese intre soa unha detonación. Hai un silencio brevísimo e en seguida soa un griterío detrás da porta do foro. Ábrese a porta violentamente e saen todos en medio da maior confusión.)*

**INSPECTORA:** Quen disparou? Luz, luz!

*(Préndese a luz. Todo está igual na escena; o SEÑOR GARCÍA segue no diván; non semella que ocorrese nada. Estupefacción en todos)*

**OLGA:** Pero que está pasando? Quen disparou agora?!

**FORENSE:** *(Tremendo)* Ai, que isto non ocorreu no Barrio da Salgueira! Ai, que aínda é peor isto!

**DONA CARME:** Pero quen disparou!?

**HORTENSIA:** É para volveuse tolos!

**RAMONA:** Ai que medo, señorita!

*(Soa outro tiro)*

**DELFINA:** Outro tiro!

*(Míranse todos uns a outros, no colmo da angustia)*

**HIPO:** A ver se é na rúa.

**INSPECTORA:** Ó balcón!

**ABELARDO:** Ó balcón!

**DAMIANA:** Ó balcón!!!!!!!

*(Vanse escapando cara ó balcón a XUÍZA, a INSPECTORA, ABELARDO, HIPO, DAMIANA, e a OFICIALA. As que quedan na escena están aterradas e coas miradas fixas no SEÑOR GARCÍA).*

**HORTENSIA:** Que medo!

**RAMONA:** Pola Virxe, que non pasen máis desgrazas!

**PIERRE:** *(Á FORENSE, que está tremendo)* Señorita, está vostede ben?

**FORENSE:** *(Intentando finxir tranquilidade, pero sen conseguilo en absoluto)* Pois claro!! Teñen vostedes medo!? Vaia cousa! Nin que ocorrise nada

extraordinario! Isto eu o vexo todos os días! Vaia cousa! *(Aparte)* Peor!!! Moito peor que o do Barrio da Salgueira!... Xa saen!

*(Entran de novo os que antes saíran)*

**XUÍZA:** Vamos, home!

**TODOS OS QUE QUEDARAN DENTRO:** Que!?

**ABELARDO:** Un pneumático.

**HIPO:** Un pneumático que estoupou.

**DAMIANA:** O taxista que está aí parado co seu coche, que se lle rebotan os pneumáticos.

**XUÍZA:** Dona Casimira: sen máis dilación, recoñeza vostede o cadáver do Señor García.

**FORENSE:** Queeee!???

**INSPECTORA:** Si, inmediatamente muller! Estamos ante un suicidio misterioso. Non sabemos de que morreu este señor!

**DELFINA:** Non morreu a tiros? A pistola...

**INSPECTORA:** Non, señora, non puido morrer a tiros, porque na casa non se disparou ningún tiro esta noite.

**RAMONA:** *(Asustada)* Que non se disparou ningún tiro na casa?

**HIPO:** Ningún, asegurounolo o taxista. Leva dende as once arranxando unhas cámaras das rodas que están en moi mal estado e inchándoas reventáronlle cinco.

**INSPECTORA:** Exacto, cinco: tres consecutivas ás once e media da noite, as detonacións que se oíron primeiro. E logo outras dúas, hai un anaco de tempo: as que acabamos de escoitar.

**FORENSE:** Enton que pasou?

**XUÍZA:** O que pasou é que non sabemos de que morreu este señor, e hai que sabelo. Veña, Dona Casimira. Fágalle un recoñecemento polo miúdo.

**FORENSE:** Eu? Un recoñecemento polo miúdo? Eu?

**XUÍZA:** E non me poña excusas! Fágao xa!

**FORENSE:** *(Vaise achegando ó SEÑOR GARCÍA moi despacio e vai rezando polo baixo)* Vou, señora Xuíza, vou. Cristo dos Desamparados, por que non iría eu visitar Toledo. Virxe da Barca, que non ocorra o da Salgueira. San Cosme, axúdame... *(Achégase máis e máis. E cando vai tocalo, o SEÑOR GARCÍA incorpórase)*

**TODOS:** AAAAAHHHHH!!

**FORENSE:** Ergueuse! Levantouse! Que se ergueu!!!

*(Todos foxen polas portas; e na escena queda só o SEÑOR GARCÍA que, sentado no diván pasa unha man polos ollos.)*

## ACTO III

### ESCENA PRIMEIRA

---

*Ao levantarse o pano todo está exactamente igual. Na escena unicamente o SEÑOR GARCÍA, sentado no diván e con aspecto de quen é vítima dun pesadelo. Hai uns instantes de pausa e polo foro, con bastantes precaucións, asoma a cabeza da XUÍZA. Detrás dela, aparecen a OFICIALA, DAMIANA, e HIPO. A XUÍZA, sen moverse da porta chama a atención do señor García.*

**XUÍZA:** Pchst, cabaleiro!... (Á OFICIALA e a DAMIANA, conténdoas) Quietas todas, que teño coñecido a moitos suicidas frustrados que se volveron tolos...

**OFICIALA:** Demo!

**DAMIANA:** Carallo!!!

**XUÍZA:** Pscht, cabaleiro!

**HIPO:** Contesta?

**XUÍZA:** Non contesta

**DAMIANA:** (Volvéndose aos que se supón que están dentro) Non contesta!!!

**XUÍZA:** (Dirixíndose outra vez ó SEÑOR GARCÍA) Pchst, señor suicida!!

**GARCÍA:** (Con un aire aparvado, mirando ó seu redor) Eh? É a min? Quen me chama?

**DAMIANA:** (Á OFICIALA) Que di!!!????

**OFICIALA:** (*Á XUÍZA*) Que di?

**XUÍZA:** (*Á OFICIALA*) Di que quen o chama.

**OFICIALA:** (*A DAMIANA*) Di que quen o chama.

**DAMIANA:** (*Volvéndose a alguén que se supón que está dentro*) Di que quen o chama!!!!!!

**XUÍZA:** (*A GARCÍA*) Son eu, a xuíza.

**GARCÍA:** A xuíza? Que xuíza?

**XUÍZA:** A xuíza de garda.

**GARCÍA:** De que garda?

**XUÍZA:** Pobre home, tolo de todo pode que non este; pero indubidablemente quedou mal da cabeza...

**DAMIANA:** (*Á OFICIALA*) Que dixo????

**OFICIALA:** (*Á XUÍZA*) Que di vostede, señora xuíza?

**XUÍZA:** (*Á OFICIALA*) Que debe de estar mal da cabeza...

**OFICIALA:** (*A DAMIANA*) Que está parvo perdido...

**DAMIANA:** (*Volvéndose a quen se supón que esta dentro*) Que é un idiota!!!!

**XUÍZA:** (*A GARCÍA*) Escoite vostede, señor García...

**GARCÍA:** (*Pensativo*) García? García... García... Onde teño oído outra vez ese nome? García... García...

**DAMIANA:** Esqueceuse ata do seu apelido...

**GARCÍA:** (*Dándolle voltas ós seus pensamentos*) García... García... Non era ese meu pai?

**OFICIALA:** (*Aparte, tristemente*) Nada... non rexe.

**GARCÍA:** (*Esforzándose por razoar*) Pero... se o meu pai, que en gloria este, se chamaba García, eu teño que chamarme García tamén... Pero... non... claro... porque, despois de todo, meu pai chamábase Indalecio García e eu creo que me chamo Emiliano.

**XUÍZA:** (*Aparte*) Está fatal, pobre...

**OFICIALA:** (*Á XUÍZA*) Señora, fíxase nos ollos que pon?

**XUÍZA:** Si... a imbecilidade verniza a súa mirada.

**OFICIALA:** Mire a señora xuíza que se logo resultase que morrera de verdade e que... e que agora o que está falando fose o seu espírito...

**XUÍZA:** Pero muller, Carbó!!... Vostede cre que os espíritos poñen esa cara de parvo?

**DAMIANA:** Claro que non!!! Nin teñen un pai que se chame Indalecio!!!

**XUÍZA:** Fagamos a proba... (*Ó SEÑOR GARCÍA*) Cabaleiro...

**DAMIANA:** Cabaleiro!!!! Está vostede vivo!!!!????

**GARCÍA:** Vivo? Si, creo que si...

**XUÍZA:** Non lle doe a vostede nada?

**GARCÍA:** Non, non... A ver... Paréceme que non...

**OFICIALA:** Nin as feridas?

**GARCÍA:** Non señora, tampouco me doen as feridas.

**XUÍZA:** Cantas ten vostede?

**GARCÍA:** Ningunha.

**DAMIANA:** A ver se vai ser por iso polo que non lle doen!!!

**XUÍZA:** Está vostede seguro de non ter feridas, cabaleiro?

**GARCÍA:** Eu non noto ningunha.

**OFICIALA:** Pero... non as terá vostede debaixo do traxe? As feridas están sempre debaixo do traxe.

**GARCÍA:** Debaixo do traxe... Si, claro... Ó mellor téñoas debaixo do traxe... Non sei... Non sei... Paréceme que a cabeza non me rexe... De feito, miro para vostede e vexo tres persoas...

**DAMIANA:** Este non rexe, non rexe!

**GARCÍA:** *(Á XUÍZA)* Ai señora... Ai, qu malo me poño! Ai, que se me vai a cabeza, que se me vai a cabeza!

**XUÍZA:** *(Mentres suxeita a GARCÍA para que non caia, coa axuda da OFICIALA, DAMIANA e HIPO, que acudiron a axudar.)* Pronto! A médica!

**HIPO:** Eu! Eu son médica, señora xuíza!

**XUÍZA:** Non, a forense! Que veña Dona Casimira!

**HIPO:** Ui si, pois vai vostede boa...

**XUÍZA:** *(A HIPO)* Como?



**HIPO:** Que Dona Casimira está coma tola. Púxose á fronte do grupo que se atrancou na cociña...

**XUÍZA:** Pero que parvadas está vostede dicindo?

**HIPO:** Que non son parvadas, señoría... Que cando se levantou este señor que agora se está caendo (*polo SEÑOR GARCÍA*) formáronse dous grupos: un o da señora, que se encerrou na súa alcoba coa criada e as demais señoras; e outro, o grupo de Dona Casimira e os señores, que se atrancaron na cociña. Creo que oín á inspectora intentando calmala, pero non ai maneira...

**XUÍZA:** Pero será posible!?

**HIPO:** O que? Calmala? Non, non creo que sexa posible. Ía facendo uns xestos moi raros coas mans e cos ollos, coma se tivese moscas ó redor.

**XUÍZA:** A forense cun ataque de nervios... Pero vostede oe, Carbó!?

**OFICIALA:** Si, señora xuíza... Non me diga vostede nada, isto é dantesco!

**XUÍZA:** Vaia por Deus! Vou buscar a Dona Casimira. Veña comigo Hipólita!

**GARCÍA:** Ai, que se me vai a cabeza cada vez máis!

**HIPO:** (*A DAMIANA e a OFICIALA*) Suxéitenlla ben ata que veña a forense!

**XUÍZA:** Veña, señora! (*Inicia o mutis*)

**HIPO:** (*Seguindo á XUÍZA*) Teña coidado a señora Xuíza, déixeme a min ir diante.

**XUÍZA:** Que teña coidado?

**HIPO:** Si, porque despois de atrancarse na cociña oínlles dicir que en caso de perigo defenderíanse tirando os cacharros da cociña.

**XUÍZA:** Eles verán! Irei eu diante, e quen me tire algo, aínda que sexa so unha pastilla de caldo Maggi, métoo preso!

*(A XUÍZA vaise, seguida de HIPO, á cociña. Quedan soas na escena DAMIANA, a OFICIALA, e o SEÑOR GARCÍA, os tres sentados no sofá e o SEÑOR GARCÍA no medio.)*

---

## **ESCENA SEGUNDA**

**DAMIANA:** E con este que facemos para que reviva?!!!

**OFICIALA:** *(Moi afónica)* Pois a verdade, porteira... non o sei...

**DAMIANA:** A vostede non se lle ocorre nada!???

**OFICIALA:** Quere vostede que probemos a rezar?

**DAMIANA:** Por min, non ai problema, pero vostede cree que a miña voz chegará ó ceo!!!????

**OFICIALA:** Eu creo que chega e volve.

**DAMIANA:** Mire tamén que ir a aparvarse este señor no momento no que nos ía a explicar o lío...!!! É mala pata, eh!???

**OFICIALA:** Si, señora.

**DAMIANA:** Digo que é mala pata, eh!???

**OFICIALA:** Que si, señora.

**DAMIANA:** Perdoe, é que como fala vostede como en segredo non a oio!!

*(O SEÑOR GARCÍA comeza a recuperarse. Abre os ollos)*

**OFICIALA:** Paréceme que xa revive...

**DAMIANA:** (*Ó SEÑOR GARCÍA*) Atópase mellor, cabaleiro!!!!????

**OFICIALA:** (*Moi afónica, coma sempre*) Xa non se lle vai a cabeza?

**GARCÍA:** Non señora... Moitas grazas... Creo que xa estou un pouco mellor...

**DAMIANA:** (*A grito pelado na propia orella de GARCÍA*) Conte vostede!!!... Perdoe a impaciencia, pero... Que lle pasou a vostede, que ninguén sabemos como se suicidou!!!!!!?

**OFICIALA:** (*Sempre afónica, a GARCÍA, xunto a outra orella*) Di que perdoe a impaciencia, pero que conte o que lle pasou. Ningún de nos sabe como se suicidou vostede.

**GARCÍA:** Si, si... Xa, xa...

**DAMIANA:** Nos gustaría enteirarnos!!!!!!

**OFICIALA:** E quixéramos saber...

**DAMIANA:** Estamos todos que non vivimos!!!

**GARCÍA:** (*Aparte, angustiada*) Meu Deus, como teño os ouvidos!... Por este, oio demasiado, e por este outro non oio case nada.

**DAMIANA:** Cantos tiros disparou vostede!?!?!??

**OFICIALA:** É verdade que non disparou ningún tiro?

**GARCÍA:** Xa lles direi... xa lles explicarei... Pero antes, fáganme o favor de cambiarse de sitio...

**OFICIALA:** De sitio?

**DAMIANA:** Que nos cambiemos de sitio!!!???

**GARCÍA:** Si. Esta señora (*por DAMIANA*), que se poña aquí. (*O sitio que ocupa a OFICIALA*). E vostede (*á OFICIALA*), teña a bondade de poñerse onde esta esta señora. (*Por DAMIANA. Aparte*) A ver se así hai maneira...

**DAMIANA:** (*Mentres se cambia de sitio, aparte*). Ui, paréceme que este sigue moi mal da cabeza... (*Xa sentada, ó SEÑOR GARCÍA, moi alto*). Xa estamos!!!!  
Cóntenos como foi que...

**OFICIALA:** (*Tan afónica coma sempre*) Veña, que xa lle dimos o gusto, xa pode vostede explicarnos...

**GARCÍA:** (*Oíndoas, mais perplexo que antes. Aparte*) Alabado sea Dios! Señor, agora o oído sensible e este, e o xordo é estoutro... Non o entendo!

**DAMIANA:** Vostede veu aquí a matarse pola dona da casa, verdade!!!???

**OFICIALA:** A carta parecía ben clara nese extremo...

**GARCÍA:** Si; pero, por favor... Xa falarei, xa direi... Déixenme agora... Estou malísimo, teño os ouvidos a compoñer... Nunca me ocorrera nada igual. Isto debe ser unha lesión interna... Pobre de min!

*(GARCÍA oculta o rostro entre as mans. Por riba das súas costas DAMIANA faille acenos á OFICIALA de que o SEÑOR GARCÍA está completamente perturbado. Dentro óese un rumor de voces)*

**OFICIALA:** Que pasa? Que é iso?

**DAMIANA:** Debe ser que traen á forense!!!!

*(DAMIANA levántase do diván e vai cara o foro, seguido da OFICIALA.)*

*Polo foro entran a XUÍZA, PIERRE, a INSPECTORA, a FORENSE, HIPO e ABELARDO. Entre PIERRE e a INSPECTORA traen á FORENSE sentada nunha cadeira de cociña e cun forte ataque de nervios. A FORENSE leva un pano de cociña dobrado ó redor da cabeza, indicando que lle estiveron poñendo panos de auga fría para facela reaccionar, balbucea frases incomprendibles entre tremores e resoplidos. A XUÍZA camiña ó lado da cadeira moi indignada, cun utensilio de cociña na man. Tras este grupo, entran ABELARDO e HIPO; ABELARDO esta deprimidísimo e con síntomas de terse entregado á desesperación e ao choro, e HIPO consólaos e lle anima con palabras e coa actitude.*

**INSPECTORA:** *(Deixan á FORENSE nunha cadeira no centro da escena.)* Deixemos a Dona Casimira aquí.

**FORENSE:** Brrrrr! A Salgueira... Brrrrrr!!

**INSPECTORA:** Veña, veña...

**PIERRE:** Señora forense...

**FORENSE:** Brrrr! A Salgueira... O suicida... Brrrr!!

**INSPECTORA:** Nada, non se lle pasa

**XUÍZA:** *(Indignada, blandiendo o utensilio de cociña.)* Enterareime! Xa o creo que me enterarei!

**HIPO:** *(A ABELARDO)* Abelardo, amigo... valor! *(Leva a ABELARDO a un sillón e séntanse)*

**RAMONA:** *(Polá FORENSE)* Pobre señora!

**FORENSE:** A Salgueira, o suicida. O cargo... A dimisión... A dimisión do cargo...  
A Salgueira... A chave frouxa... A guerra da Independencia... Brrrr!

**PIERRE:** E pensar que o suicida quedouse tan tranquilo!...

**XUÍZA:** Enterareime! E cando eu saiba quen foi o que me tirou este cacharro,  
aplicareille a Lei en todo o seu rigor!

**HIPO:** Abelardo...

**ABELARDO:** Déixame... Non me digas nada... Quero morrer...

**RAMONA:** A verdade é que esta señora (*pola FORENSE*) ten motivos para o  
ataque de nervios, porque ver que se levanta o suicida despois do que lle  
ocorreu no barrio da Salgueira...

**PIERRE:** Non digas máis... Foi horroroso! A miña Delfina púxose coma tola...

**FORENSE:** Auga, auga!... Brrr! Auga!

**RAMONA:** Pide auga...

**INSPECTORA:** (*A DAMIANA*) Traia vostede un vaso de auga.

**DAMIANA:** A mandar!!!! (*Sae*)

**XUÍZA:** Así que se negan vostedes a declarar que é o que tirou este cacharro?  
Pois descubrireino, señores! Teño que sabelo!

**HIPO:** Eu non fun, señora xuíza...

**PIERRE:** Nin eu...

**INSPECTORA:** Nin eu, por suposto...

**RAMONA:** (*Aparte*) Calquera lle di que llo tirou a forense!

**DAMIANA:** *(Entrando polo foro cun vaso de auga)* A auga!!!

**PIERRE:** *(Collendo o vaso)* A auga, Dona Casimira...

**FORENSE:** Auga! Auga, que sen auga afogo!

**DAMIANA:** Ocórrelle o contrario que ó resto do mundo!

*(A FORENSE bebe a auga)*

**ABELARDO:** *(A HIPO)* Hipo... Un vaso de auga, por favor...

**HIPO:** *(A DAMIANA)* Pchst, porteira! Un vaso de auga para Abelardo!

**DAMIANA:** Outro????!!! Vou, vou!!!! *(Sae)*

**XUÍZA:** *(Que se foi achegando ao SEÑOR GARCÍA)* Cabaleiro...

**FORENSE:** A Salgueira... suicidio... luz frouxa... pistola... Brrrrr!

**XUÍZA:** É preciso *(A GARCÍA)* que se poña vostede ben de todo para que me faga unha declaración en toda regra... Son a xuíza.

**GARCÍA:** Si, señora, si... *(Continúan falando sentados).*

**DAMIANA:** *(Entrando polo foro con un vaso de auga.)* A auga! A auga, señorito Abelardo!!

**ABELARDO:** Trae... Grazas. *(Bebe)*

**FORENSE:** As pegadas... A Guerra Civil... A Salgueira... Auga, auga!!

**RAMONA:** Máis auga?

**PIERRE:** Porteira! Máis auga para a señora forense!

**DAMIANA:** Máis auga?! Carallo!!! *(Marcha)*

**XUÍZA:** *(A GARCÍA, con quen continúa falando sentada)* E aquela señora *(Sinalando)* é a forense, a quen vostede lle deu un susto terrible levantándose cando lle ía recoñecer.

**GARCÍA:** Si? Contra! Non sabe canto o sinto... *(Levantándose e chegándose á FORENSE)* Señora forense... señora forense... non sabe canto lamento que...

**FORENSE:** *(Dando un respingo)* O suicida! O suicida! Fora!!! Non se achegue!!! Se se achega máis tírolle outro pasapurés!!!!

**XUÍZA:** *(Aparte)* Contra! Pois, polo visto, a que me tirou o pasapurés foi ela!

**FORENSE:** Que marche! Fora!! Brrr!!

*(A INSPECTORA, RAMONA e PIERRE a suxeitan como poden)*

**INSPECTORA:** Compañeira... Casimira...

**RAMONA:** Ui, como se asusta!...

**XUÍZA:** *(Ó SEÑOR GARCÍA)* Veña comigo. E deixe á forense, que está moi excitada.

**DAMIANA:** *(Entrando cun vaso de auga)* A auga!!!!

**FORENSE:** A auga... A auga... *(Bebe)*

**XUÍZA:** *(A GARCÍA)* Veña aquí. Teña a bondade de referir con todo detalle como, cando e por que entrou nesta casa e canto lle sucedeu dende que chegou aquí ata que esas persoas o atoparon deitado neste diván e ao parecer, morto.

**GARCÍA:** Si, señora xuíza, si; contareino. Contareino todo... aínda que estou tan nervioso que...



**OFICIALA:** Está vostede aínda nervioso? Iso quítase cun vasiño de auga! (A *DAMIANA*) Porteira! Tráialle un vasiño de auga a este señor!

**DAMIANA:** Outro vaso de auga!!!???

**FORENSE:** E a min outro, porteira, que este estouno rematando... Brrr...

**DAMIANA:** E outro!!!??? Máis auga!?! (*Aparte*) Estas señora tomáronme por unha cañería!!... Agora xa sei o que teño que facer!! (*Marcha con aire decidido, co aire de quen atopou de pronto unha solución*)

**HIPO:** (*Que estaba falando aparte con ABELARDO*) Anda, Abelardo, vamos!! Non comprendes que xa nada te queda que facer nesta casa? Ata Hortensia se pechou na súa alcoba coas outras mulleres finxindo medo para non darte explicacións... Faime caso... marcha a Valladolid!...

**ABELARDO:** Irme eu? Agora que ese home pode falar? Irme eu, agora que vou saber toda a verdade? Nunca! (*Levántase*) Ese home falará! Xa o creo que falará! (*Avanzando cara o SEÑOR GARCÍA*) Ai del se non fala! (*Fora de si*) Ai del!

(*Todos miran a escena interesadísimos. Ata a FORENSE esquece momentaneamente o seu ataque*)

**PIERRE:** Ostras!

**OFICIALA:** Arre Demo!

**RAMONA:** Agora si que se arma de verdade...

(*Expectación xeral*)

**ABELARDO:** (*De pe ante GARCÍA e furiosamente*) Veña, xa! Xa está vostede falando!

**GARCÍA:** Pero, cabaleiro...

*(Polo foro entra DAMIANA, que trae en brazos unha garrafa de auga moi pesada)*

**DAMIANA:** Ala, xa estaba farta de dar paseños!!! *(Deixa a garrafa na mesa)*

Aquí ten vostede auga para tres días, señora forense!!!

**FORENSE:** Home! Que boa idea!... *(Sérvese auga da garrafa)*

**GARCÍA:** *(A ABELARDO)* Cabaleiro... Non sei con que dereito está vostede a esixirme que fale...

**ABELARDO:** *(Indignado)* Con que dereito!???...

**OFICIALA:** *(A GARCÍA)* É o prometido da dona da casa...

**GARCÍA:** *(Levantándose electrizado e dirixíndose ameazadoramente a ABELARDO.)*

Vostede?... Vostede é o home que vai casar con ela?... Miserable... Auga! Auga para que poda dicir todo o que teño que dicir! Auga!

**DAMIANA:** Aquí ten vostede a garrafa! *(Aparte)* Se non chego a traela, xa me tiñan paseando de novo!

*(O SEÑOR GARCÍA vai ata a garrafa, sérvese e bebe apresuradamente un vaso de auga.)*

*(Entra OLGA correndo, e dende a porta chama a RAMONA)*

**OLGA:** Ti, Ramona, que te chama a señorita...!

**RAMONA:** E logo? Que lle pasa?

**OLGA:** Que non sabemos onde puxeches o éter, e a botella de auga de azahar xa se acabou...

**RAMONA:** Pero se estaba enteira!

**OLGA:** Pero bebémola en tazóns de desaiuno!i Veña! (*Marcha*)

**RAMONA:** Virxe Santísima! (*Marcha*)

**GARCÍA:** (*Que acabou de beber auga.*) Así! Xa está... (*A ABELARDO*) E agora vai vostede a sabelo todo, miserable!

**ABELARDO:** Miserable? Eu mátoo!

**FORENSE:** Ui, que o mata!

**DAMIANA:** Señorito!

**HIPO:** Cabaleiro!

**PIERRE:** Abelardo!

*(Todos se mobilizan: a FORENSE, a XUÍZA, HIPO suxeitan a ABELARDO; PIERRE, DAMIANA, a OFICIALA e a INSPECTORA suxeitan ó SEÑOR GARCÍA)*

**GARCÍA:** Miserable e canalla, si señor!

**ABELARDO:** Eu, miserable e canalla!? Déixenme! Sóltenme!

**XUÍZA:** Orden! Silencio!

**GARCÍA:** (*Cheo de rabia*) Eu non o coñecía a vostede... Sabía que ela ía casar pero non o coñecía a vostede... Por algo nunca quixen pisar esta casa do pecado!

**ABELARDO:** Do pecado!?

**GARCÍA:** Pero sen coñecelo xa o odiaba! Odiábao todo o que un home pode odiar! Bandido! Rouboume vostede o que máis quería!...

**ABELARDO:** Vostede! Foi vostede o que ma roubou! E eu, parvo de min, que a adoraba!

**FORENSE:** *(Encarándose co SEÑOR GARCÍA)* Vostede foi o que roubou a este señor! E estafounos a todos! Se se ía matar por ela... debería terse matado! Porque iso de matarse e levantarse vivo despois de morto, asustando á xente, non é serio! Non señor!

**ABELARDO:** Matarse e non morrer non é de homes!

**FORENSE:** É de gatos!

**GARCÍA:** De gatos! É que teño eu algo de gato!?

**DAMIANA:** Os bigotes, cabaleiro, os bigotes...

**GARCÍA:** E en canto ó outro de que non morrera..., non é culpa miña. Fai moito tempo que tiña planeado o suicidio, señora Xuíza; dende que souben polos periódicos que ela ía casar... Facía dous anos que non a miraba, pero a ferida do meu corazón seguía aberta.

**DAMIANA:** Ui que cursi.

**GARCÍA:** Un día..., o luns pasado, decidín vir a matarme na súa propia casa. Que mellor lección para o seu abandono? Descubrín o domicilio, e durante varias noites vaguei baixo estes balcóns, agardando unha ocasión. E hoxe a ocasión presentouse. Ó chegar, vin aberto o balcón da saliña... Subín, entrei e cheguei ata aquí. Dentro escoitábanse voces e risas... Estábanse divertindo! Divertíanse mentres eu sufría inmerso nunha escura néboa... Entón achegueime a pistola a sen e, antes de apertar o gatillo, soaron tres tiros...

**PIERRE:** Tres tiros?

**HIPO:** Os pneumáticos; iso foran os pneumáticos.

**GARCÍA:** A emoción puido máis ca min, e caín nese diván desmaiado...

**DAMIANA:** Que película!

**PIERRE:** *(Compunxido)* Desventurado cabaleiro! Está vostede facéndome chorar... *(Colle un pano e seca as bágoas. Chora en silencio)*

**XUÍZA:** *(Ó SEÑOR GARCÍA)* Pero imos ver... Vostede tivo relacións coa dona da casa?

**GARCÍA:** Relacións! Pois claro que tivemos relacións! E un fillo de dez anos teño con ela, señora xuíza...

**ABELARDO:** *(Destrozado)* Un fillo!!!

**TODOS:** *(Non á vez)* Un fillo!!...

**XUÍZA:** E ese neno existe ou morreu no incendio de algún cine?

**GARCÍA:** Xa o creo que existe! Chámase Emilianito e é unha xoia. Está interno nun colexio facendo a primaria; o ano pasado sacoume matrícula de honra en Ximnasia. É un anxo! E pensar que eu estiven a piques de deixalo orfo de pai por esa muller...

**ABELARDO:** *(Deprimidísimo)* Basta, basta! Non quero saber máis... *(Ó SEÑOR GARCÍA)* Vostede perdoe... Ignoraba todo iso... Agora xa... Agora xa so me queda desexarlle a vostede a felicidade que tanto precisa... Eu marchó...

**DAMIANA:** *(Limpándose as bágoas co delantal)* Ai, que dramas ten a vida! Cando a señorita o saiba todo! Cando eu llo conte! *(Sae a contarlle todo a HORTENSIA).*

**ABELARDO:** Voume... Voume para sempre... a Valladolid... (A HIPO) Hipo, lévame a Valladolid.

**GARCÍA:** Señor... créame que eu...

**ABELARDO:** Nada, silencio... Non hai nada que falar... A Valladolid... Xa non me queda no mundo máis que Valladolid...

**FORENSE:** (A ABELARDO) Cabaleiro, e por que non vai vostede a Santander, que ten praia?...

**ABELARDO:** (Achegándose á garrada e servíndose auga) Un vasiño de auga porque é que teño a lingua seca... e a Valladolid... (Bebe) Veña, Hipo... Adeus, señores... Perdón... Perdón a todos. (Inicia o mutis entre a angustia xeral)

**FORENSE:** (Case chorando tamén) Ten vostede a chave do portal, cabaleiro?

**ABELARDO:** Si, si... Aínda a conservo... Grazas... Moitas grazas... Adeus...

(Saen ABELARDO e HIPO)

**OFICIALA:** Marcha desfeito.

**PIERRE:** Que traxedia máis terrible.

**FORENSE:** Este morre de pena antes de chegar a Benavente...